| ECB6.1.2.Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que | 3sesións | Analiza as razóns que xustifican o comercio internacional. | Observación directa, probas escritas e traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque 6. Economía internacional | | | |
| Inflúen nel. | | | |
| ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | 4sesións | Analiza situacións actuais da globalización e o comercio internacional. | Observación directa, probas escritas e traballos |
| ECB6.1.4.Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | 3sesións | Enumera as vantaxes e inconvenientes da UE. | Observación directa, probas escritas e traballos |
| ECB6.1.5.Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | 4sesións | Reflexiona sobre o impacto económico e a súa relación cos problemas ambientais. | Observación directa e traballos |

Sinalar, no que respecta ó grao mínimo de consecución, que non se considera ningún estándar de aprendizaxe imprescindible para a superación da materia, pero si un conxunto deles que amosen un dominio adecuado do alumno da materia e dos termos económicos. As avaliacións están organizadas por bloques de estándares e contidos relativamente independentes, no cal o alumno debe demostrar capacidade e suficiencia en cada bloque. Co cal, independentemente dos estándares de maneira individual que poida superar satisfactoriamente, enténdese que terá un dominio suficiente cando teña asimilados e certificados un conxunto deles de cada bloque/avaliación que lle permitan ter independencia e poida demostrar capacidades e competencias a nivel económico. Así o mínimo de consecución considerarase como o dominio suficiente e adecuado da metade, polo menos, dos estándares de aprendizaxe valorados en probas escritas, traballos e produción na aula. Se levamos isto a unha cualificación numérica enténdese que o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 sobre 10 en cada avaliación.

Móstranse, a continuación, a secuenciación dos diferentes bloques nos que se divide a materia, tendo en conta o calendario escolar para o ano 2021/2022

| | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|
| Bloque 1: Ideas económicas básicas | 1ª Avaliación |
| Bloque 2: Economía e empresa | 1ª Avaliación |
| Bloque 3: Economía persoal | 2ª Avaliación |
| Bloque 4: Economía e ingresos e gastos do Estado | 2ª Avaliación |
| Bloque 5: Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | 3ª Avaliación |
| Bloque 6: Economía Internacional | 3ª Avaliación |

Na táboa seguinte detállanse as unidades didácticas nas que se dividen os seis bloques de Economía de 4º ESO:

| UNIDADE DIDÁCTICA | TÍTULO |
|---|---|
| **Bloque 1: Ideas económicas básicas** | |
| 1 | Economía como ciencia |
| 2 | Produción e crecemento |
| **Bloque 2: Economía e empresa** | |
| 3 | Mercados e empresa |
| 4 | A empresa no seu contexto |
| **Bloque 3: Economía persoal** | |
| 5 | Planificación financeira |
| 6 | Saúde financeira |
| 7 | O diñeiro e as súas formas |
| **Bloque: 4 Economía e ingresos e gastos do Estado** | |
| 8 | As contas do Estado |
| **Bloque 5: Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego** | |
| 9 | Produción e prezos |
| 10 | O mercado de traballo |
| **Bloque 6: Economía internacional** | |
| 11 | O comercio internacional e a Unión Europea |
| 12 | A globalización e os desequilibrios da economía mundial |

**2.5. CONCRECIÓN METODOLÓXICA DA MATERIA**

O RD 86/2015 establece os “ Principios metodolóxicos”, dos cales destacamos:

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o

desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como

curriculares.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo
24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e

escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O punto de partida será unha avaliación de diagnóstico dos coñecementos previos que desta materia teñan os alumnos xa que inda que é unha materia que cursan por primeira vez. si teñen conceptos previos relativos xa que os contidos económicos están presentes na vida diaria da sociedade actual; a partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo: é dicir, incorporando novos conceptos de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade económica. Con esta avaliación inicial tamén se detectarán posibles diferenzas individuais para deseñar a metodoloxía máis adecuada que contemple a atención persoal ao alumno e ao grupo.

Aplicarase o método simbólico e verbalístico que se fundamenta na transmisión do saber, no que o profesor é un axente determinante na aprendizaxe, xunto co método intuitivo que tenta achegarse o máis posible á realidade inmediata do alumno, partindo da realización dunhas actividades experimentais que lle implique dunha forma activa, e mediante o deseño doutras que requiran unha colaboración cos seus compañeiros. Estas técnicas de ensino poden converterse en activas mentres o profesor convértese no orientador da aprendizaxe. Todo iso, contribuirá a lograr unha verdadeira motivación do alumno.

En referencia á forma de razoamento utilizaranse métodos dedutivos nos que o profesor presentará os conceptos, principios ou afirmacións de cada bloque dos que se extraerán unhas conclusións e consecuencias, para posteriormente aplicalas a casos particulares da actualidade económica extraídas

da consulta de noticias en medios audiovisuais e escritos. Desta forma o alumnado verá a Economía como algo próximo e en continua evolución.
O método indutivo, como método activo por excelencia aplicarase á análise de feitos e datos económicos concretos, pasados ou presentes, ademais de análise de experiencias e observacións da contorna do propio alumno, para que así lle axude a alcanzar un razoamento globalizado.

Os recursos metodolóxicos a empregar organizaranse nunha serie de estratexias de ensino-aprendizaxe principalmente heurísticas, e de aproximación razoada, que o profesor deseñará para que conduzan ao alumno para descubrir e a resolver en por si, os problemas que se lle expoñan, e a xerar posibles solucións. A análise e comentario de textos, de noticias económicas, a procura e consulta de diversas fontes de información que ofrecen datos e tendencias sobre as principais magnitudes económicas serán ferramentas útiles para conseguir esta formación na que para iso faise necesario e aconsellable o uso das tecnoloxías da comunicación e información.

A participación do alumnado é a base fundamental da motivación polo que se realizarán por unha banda actividades individuais, e por outro, traballos en grupo heteroxéneos que se expoñerán publicamente ante o resto do alumnado. En todos os bloques temáticos podemos diferenciar contidos nos que se poden utilizar ambas formas de participación. Na exposición destas actividades fomentarase o uso de ferramentas ofimáticas básicas e valorarase a correcta expresión oral e escrita. Fomentarase tamén os debates na clase procurando a interacción educativa, así conseguiremos fomentar no alumnado o desenvolvemento e sentimento de respecto por opinións distintas, de tal maneira, que posibilite o exercicio da socialización e convivencia.

En xeral, en cada unidade desenvolveranse os seguintes tipos de actividades:

-Actividades de introdución para iniciar o tema. Terán por obxectivo explorar os coñecementos previos do alumno e conseguir a súa motivación. Para levalas a cabo empregaremos técnicas como a choiva de ideas ou os debates sobre cuestións que trataremos sempre que conecten coa súa realidade máis próxima.

-Actividades de desenvolvemento para desenvolver e profundar nos contidos e na adquisición de competencias, á vez que se consolidan os conceptos máis importantes Trataremos sempre que os contidos reflictan a súa aplicación práctica real e usar estratexias que fomenten a motivación e a interacción dos alumnos no proceso de aprendizaxe

-Actividades de sínteses e comprobación. As actividades de sínteses permitirán integrar os contidos vistos na unidade, tratando de relacionalos cos adquiridos nas unidades anteriores. Os mapas conceptuais, os glosarios de termos, os cadros de sínteses e a actividade talleres de prensa serán poderosas ferramentas para conseguilo.

En ocasións recorreremos tamén ao uso de xogos e a actividades de repaso e autoavaliación

-Tendo sempre presente a atención á diversidade, levarán a cabo actividades de reforzo, que permitan superar aos alumnos que o necesiten dificultades na asimilación de e actividades de ampliación ou enriquecemento, respondendo o ritmo de aprendizaxe daqueles alumnos que alcancen os obxectivos de forma máis rápida.

## 2.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Con carácter xeral empregaranse os seguintes recurso didácticos:

- Libro de texto: Economía 4º ESO. Anxo Penalonga Sweers. Ed. Mc Graw Hill
- Materiais de traballo elaborados pola profesora a partir da bibliografía e webgrafía
- Medios materiais presentes na aula: encerado, ordenador, canón, pizarra dixital, acceso a internet
- Aula virtual
- Prensa diaria, publicacións especializadas e lecturas de contido económico
- Medios e recursos audiovisuais (cancións, películas)
- Recursos didácticos online (KAHOOT)
- Blogs e webs de contido económico

## 2.7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación entendese como un elemento máis do proceso educativo xa que permite orientar e dirixir de forma permanente a aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación contribúe en si mesma a mellorar o rendemento dos alumnos.

Partiremos dunha avaliación inicial ou diagnóstica. Esta proporciónanos información tanto dos coñecementos de partida dos alumnos, como da diversidade existente entre eles, a fin de orientar a intervención educativa do modo máis apropiado. Realizarase nas primeiras semanas de curso.

Realizaranse 3 avaliacións, unha por trimestre. A cualificación do alumno calcularase como a suma ponderada dos seguintes instrumentos, cada un deles puntuado do 0 ao 10:

- **Probas escritas de contido teórico-práctico**, nas cales se valorará o dominio de contidos e a exposición dos mesmos. **A súa media suporá un 70% da nota**, coa esixencia de que o alumno/a teña como mínimo un 3 para poder facer media.

- **Observación directa do proceso de aprendizaxe** que se plasmará no caderno do profesor/ficha do alumno e **suporá un 10%.** En dita observación do alumno valorarase:
- O traballo diario nas actividades realizadas na aula e fora dela (resolución de exercicios, preguntas orais, debates, etc.) Valorarase entre outros o dominio de procedementos, a expresión dos mesmos, a autonomía e a capacidade investigadora, así como a limpeza e claridade na exposición.

- A actitude e a participación na clase.

- **Traballos recollidos, tanto individuais como en grupo, que suporán un 20% da cualificación**. Valorarase a capacidade de buscar e seleccionar información, o formato, a expresión escrita, a capacidade de expoñelos publicamente , emitir xuízos de valor e defender argumentacións cando corresponda. Cando se leven a cabo actividades e traballos en grupo terase en conta tamén a coordinación do alumnado co grupo e o diálogo cos outros grupos

Para acadar a cualificación positiva na avaliación a suma ponderada estes tres instrumentos debe ser como mínimo dun 5.

De non acadar o aprobado, o alumno poderá realizar un exame de recuperación da avaliación que suporá o 100% da nota. A profesora poderá decidir realizar esta proba antes da sesión de avaliación ou despois, en función do tempo e das circunstancias do curso. Dito exame poderá usarse para subir nota por aqueles alumnos que o desexen.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos cualificación será cero, incluso cando isto se demostre unha vez rematada a proba.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación. Para superar a materia na avaliación final ordinaria deberá alcanzar un mínimo de 5 puntos na media das tres avaliacións. Sempre e cando teña todas as avaliacións aprobadas. No caso de ter unha ou máis avaliacións suspensas, poderá recuperalas nunha proba final de xuño.

No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado terá dereito a unha avaliación extraordinaria. Está consistirá nunha proba escrita de contados teórico-prácticos que representará o 100% da nota. Para superar a materia deberá obter unha nota igual ou superior ao 5.

Os criterios para cualificar numericamente as avaliacións, así como a nota final e a proba extraordinaria, será a seguinte:

| | nota final | cualificación. |
|---|---|---|
| < | 1 | 0 |
| < | 2 | 1 |
| < | 3 | 2 |
| < | 4 | 3 |
| < | 5 | 4 |
| < | 5,9 | 5 |
| < | 6,8 | 6 |
| < | 7,7 | 7 |
| < | 8,6 | 8 |
| < | 9,5 | 9 |
| ≥ | 9,5 | 10 |

## 2.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Un dos aspectos máis importantes no proceso de avaliación é o seu carácter corrector das variacións que se poden producir ao longo do proceso de ensino. Así pois, é necesario que un dos obxectos de avaliación sexa a propia actividade, a súa planificación, o seu desenvolvemento e os resultados obtidos.

Así pois tras cada avaliación, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación das actividades escollidas ós obxectivos marcados ao principio na programación.

- O propio desenvolvemento do proceso.

- A actuación do profesor/a nas distintas fases do proceso.

- A selección dos materiais e o seu tratamento para obter os resultados esperados.

- A organización e temporalización do traballo na clase.

- As relacións de convivencia e o traballo en equipo.

- O ambiente de traballo

- O grao de motivación e participación do alumnado no día a día

- Modificacións e melloras das actividades.

No departamento e trataranse todos os aspectos anteriores de forma periódica e reflectiranse as conclusións na correspondente acta . Ademais, ó comezar cada avaliación levarase a cabo, unha análise exhaustivo dos resultados da avaliación anterior, desglosado por cursos e materias.

Teranse en conta todos aqueles instrumentos de avaliación externa. A súa análise e a valoración dos resultados servirá ao Departamento para comprobar que contidos deben ser reforzados e comprobar a efectividade do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Ao longo do curso tamén se procederá a un seguimento da temporalización na distribución dos contidos para efectuar os reaxustes necesarios ou favorecer a coordinación entre os profesores que impartan clase nun mesmo grupo

O obxectivo final é que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotiá da aula como mecanismo de reaxuste tanto do aprendizaxe do alumno/a como do propio proceso de ensino.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

INDICADORES DE LOGRO DA PRACTICA DOCENTE

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación | - | - | - | - |

## 2.9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non procede

## 2.10. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS

Non aplica

## 2.11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

A sesión de avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas de curso a fin de poder orientar a intervención educativa do modo máis axeitado. Servirá para constatar a situación de partida dos alumnos e da diversidade existente entre eles. Realizarase a través dunha pequena proba escrita así como a través de preguntas realizadas de forma oral e da observación na clase. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica as estratexias metodolóxicas que poden ser máis eficaces para no ensino aprendizaxe da nosa disciplina, así como a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade na materia, que se materializa por exemplo en actividades de reforzo e/ou ampliación para o alumnado.

## 2.12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade ten por finalidade a mellor resposta educativa ás necesidades e diferenzas, ofrecendo oportunidades reais de aprendizaxe a todo o alumnado en contextos educativos ordinarios dentro dun entorno inclusivo, a través de actuacións e medidas educativas.

A avaliación inicial e a colaboración co Departamento de Orientación facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc. Tamén dificultades que se poidan derivar da fenda dixital).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, agrupamentos flexibles, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar .

De forma xeral dende a nosa materia e a nivel de aula traballaremos con:

-Procedementos e recursos metodolóxicos flexibles que permitan adaptarse aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos.

-Flexibilidade nos tempos de desenvolvemento das actividades en función das necesidades do alumnado.

-Combinación de diferentes agrupamentos en función da actividade para realizar, desde o traballado individual ao traballo por parellas ou en grupo, priorizando os grupos heteroxéneos e favorecendo a cooperación e a titoría entre iguais.

-Instrumentos de avaliación que permitan adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

-Introdución de actividades en cada unidade didáctica en orde ascendente de dificultade.

-Deseño de actividades de reforzo para os alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe nalgunha ou algunhas unidades didácticas. Á vez, elaboraranse actividades de ampliación, que permitan una a profundización en contidos para alumnado cun ritmo de asimilación máis rápido.

**2.13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

No proceso de ensino-aprendizaxe fomentarase:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igual-dade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos home e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

- A análise crítica de comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

- O estudo do desenvolvemento sostible e o medio ambiente, dos riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igual-dade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial

- Cada certo tempo o alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que traballarán a través de Internet, para coñecer a actualidade económica.

**2.14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias e extraescolares apoian e enriquecen a actividade docente, contribuindo a lograr unha formación plena dos alumnos. Propóñense as seguintes para este curso

- Visita a unha empresa cercana.
- Charla-coloquio con emprendedores locais, persoal da Administración, persoal de banca, sindicatos.
- Talleres/programas presenciais e online relativos á materia.
- Conferencias de interese relacionadas coa materia
- Celebración de efemérides tales como o Día da Paz, Día da muller traballadora, etc.

**2.15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN**

Nas reunións que se celebren no departamento didáctico e, especialmente, ao final de cada avaliación, deberá facerse un seguimento da Programación Didáctica. A información resultante desta análise permitirá modificar a temporalización e os contidos que se traballen na aula para adaptalos aos

diferentes grupos de alumnos, así como das estratexias metodolóxicas. A estes efectos terase en conta principalmente:

- Resultados da avaliación en cada unha das materias
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribucións de espazos e tempos aos métodos pedagóxicos utilizados
- Contribución dos métodos pedagóxicos e didácticos á mellora do clima da aula e do centro

As medida adoptadas reflexaranse no libro de actas do departamento e constarán na memoria final de curso.

## 3. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

### 3.1. INTRODUCCIÓN

A presente programación elabórase de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Conforme ó Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

## 3.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A organización de actividades propostas en unidades didácticas son contextualizadas e relacionadas na medida do posible coa vida cotiá , o que permite a aplicación e transferencia do aprendido na clase , e servirá como comprobación dos progresos realizados na adquisición das competencias básicas. Segundo se describe na lexislación , as áreas curriculares ou disciplinas deben participar no desenvolvemento das distintas habilidades do alumnado. Estas, segundo as especificacións da lei son:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia Dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

O proxecto de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial impulsa o desenvolvemento da **competencia de comunicación lingüística**. Esta competencia afonda nas habilidades de escoita, comprensión e presentación de mensaxes orais e escritas. A múltiple variedade de situación que presenta esta materia tales comas o traballo contextos, intercambios comunicativos, exposicións e argumentacións claras de ideas, así coma a proposición de alternativas de solución para acadar acordos dentro do grupo a través da negociación, contribúe á activación do coñecemento lingüístico do alumno. Ademais esta materia incorpora nova terminoloxía e implántense estratexias metodolóxicas para que o alumno incorpore esa linguaxe e termos nos momentos axeitados con suficiente propiedade. As lecturas e discusións que se levarán a cabo nas unidades didácticas da materia tamén permitirán a familiarización e utilización da linguaxe económica.

A contribución á **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** móstrase cando o/a alumno/a plantexe un plan de negocio baseándose nun razoamento lóxico e no uso de procesos matemáticos. Ademais debe ser capaz de emitir xuízos con fundamento sobre o valor engadido do proxecto, así como o beneficio e a viabilidade do mesmo. Ademais o alumno debe planificar as súas decisións financeiras persoais ou resolver problemas cotiás sobre consumo, ingresos e gastos habituais a través da elaboración de orzamentos familiares, para o cal utilizará ferramentas matemáticas.

A materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia dixital** có uso das novas tecnoloxías, tanto

para a búsqueda de información como para a presentación e exposición da mesma, que resulta imprescindible para tomar decisións sobre produtos financeiros, alternativas de investimentos e de aforro, tipos de xuro, etc.

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** nesta materia baséase na natureza instrumental de gran parte do coñecemento adquirido. As actividades propostas incentivan a imaxinación, a análise, habilidades de observación ambientais, a iniciativa , a creatividade e o pensamento crítico, o que incentiva a aprendizaxe independente.

Esta materia incentiva o traballo en equipo para resolver actividades que promovan o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto polas opinións dos demais, o que contribúen á adquisición de **competencias sociais e cívicas**. Do mesmo xeito, aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social.

Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose ao contacto coa lexislación económica , ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patróns e traballadores.

A materia da constrúe as bases dun sentido de **iniciativa e espírito emprendedor**, a materia axuda aos estudantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por actuar. Verán que todos temos ideas, como se poden seleccionar aquelas máis axeitadas e levalas á práctica. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo. A necesidade de tomar decisións, de elixir cun criterio propio, calculando os riscos e avaliándoos para despois asumir as consecuencias das nosas decisións, serán capacidades que se desenvolvan nesta materia.

En canto á **conciencia e expresións culturais**, os alumnos estudarán as diferentes formas de organización económicas e como estas repercuten no desenvolvemento do territorio.

A continuación se mostra unha relación dos Obxectivos-Contidos-Criterios de Avaliación-Estándares de aprendizaxe-Competencias clave:

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>▪ B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. | ▪ B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | ▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | ▪ B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | ▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ g | ▪ B1.4. Dereito do traballo.<br>▪ B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>▪ B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.<br>▪ B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. | ▪ B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais. | ▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ m | Emprego e desemprego.<br>▪ B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.<br>▪ | | ▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | sociais.<br>▪ B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | | ▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Proxecto de empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.<br>▪ B2.2. Elementos e estrutura da empresa.<br>▪ B2.3. Plan de empresa.<br>▪ B2.4. Planificación na empresa. | ▪ B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. | ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. | ▪ B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. | ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.<br>▪ B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. | ▪ B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. | ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Finanzas | | | |
| ▪ a<br>▪ d | ▪ B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica. | ▪ B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de | ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Elección da forma xurídica.<br>▪ B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. | capital. | ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).<br>▪ B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. | ▪ B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. | ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.<br>▪ B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. | ▪ B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. | ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

### 3.3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS PARA O CURSO

O Decreto 86/2015 do 29 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia, establece os obxectivos dea etapa de educación secundaria obrigatoria así como os respectivos obxectivos de área.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en quipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos

de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 3.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | |
| ▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | 5 sesións | Identifica as características do emprendedor | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | 2 sesións | Investiga en internet sobre a economía da súa zona | Observación directa e traballos entregados |
| ▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | 1 sesión | Sabe deseñar unhas liñas sobre as súas aspiracións persoais | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | 9 sesións | Identifica algunha norma que interveñen na relación entre traballador e empresa | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | 9 sesións | Identifica algunha obriga e algún dereito dos traballadores | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

| | | | |
|---|---|---|---|
| IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | 3 sesións | Coñece algún aspecto da seguridade social | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | 5 sesións | É capaz de marcar situacións de risco laboral | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |

| Bloque 2. Proxecto de empresa | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | 4 sesións | Sabe identificar oportunidades de mercado | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen a contorna específica desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | 3 sesións | Identifica os aspectos da contorna que inflúen nas empresas | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | 4 sesións | Pode nomear algunha función dos departamentos dunha empresa | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | 3 sesións | Coñece a importancia da planificación empresarial | Observación directa e, traballos entregados |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | 3 sesións | Coñece e comeza a manexar aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial | Observación directa e, traballos entregados |
| ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | 4 sesións | Explica a importancia da comunicación entre departamentos da empresa | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | 2 sesións | Crea materiais publicitarios para distintos medios ou plataformas | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | 3 sesións | Recoñece a importancia do traballo en equipo na toma de decisións | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | 3 sesións | Busca información sobre axudas, subvencións, etc., que se axusten a un tipo de empresa en particular | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

| Bloque 3. Finanzas | | | |
|---|---|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | 9 sesións | Distingue a maioría das formas xurídicas das empresas e é capaz de sinalar certas características de cada unha | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | 1 sesión | É consciente da implicación da administración pública na posta en marcha dunha empresa | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | 1 sesión | Describe os trámites que se deben realizar na posta en marcha dunha empresa | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade | 9 sesións | É capaz de escoller o mellor tipo de sociedade para cada caso concreto | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | 6 sesións | Sabe confeccionar un balance non moi complicado | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | 2 sesións | É capaz de realizar un esquema das fontes de financiamento das empresas | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | 3 sesións | É capaz de manexar unha folla de cálculo para aplicala na xestión empresarial | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | 2 sesións | Coñece os puntos positivos e negativos de diferentes produtos financeiros | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | 3 sesións | Identifica a maioría das obrigas fiscais das empresas | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |
| ▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | 1 sesión | Reflexiona sobre o papel dos tributos na sociedade | Observación directa, probas escritas, traballos entregados |

Sinalar, no que respecta ó grao mínimo de consecución, que non se considera ningún estándar de aprendizaxe imprescindible para a superación da materia, pero si un conxunto deles que amosen un dominio adecuado do alumno da materia e dos termos económicos. As avaliacións están organizadas por bloques de estándares e contidos relativamente independentes, no cal o alumno debe demostrar capacidade e suficiencia en cada bloque. Co cal, independentemente dos estándares de maneira individual que poida superar satisfactoriamente, enténdese que terá un dominio suficiente cando teña asimilados e certificados un conxunto deles de cada bloque/avaliación que lle permitan ter independencia e poida demostrar capacidades e competencias a nivel económico. Así o mínimo de consecución considerarase como o dominio suficiente e adecuado da metade, polo menos, dos estándares de aprendizaxe valorados en probas escritas, traballos e produción na aula. Se levamos isto a unha cualificación numérica enténdese que o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 sobre 10 en cada avaliación.

Móstranse, a continuación, a secuenciación dos diferentes bloques nos que se divide a materia, tendo en conta o calendario escolar para o ano 2021/2022

| | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|
| Bloque 1: Autonomía persoal, liderado e innovación | 1ª,2ªAvaliación |
| Bloque 2: Proxecto de empresa | Todas |
| Bloque 3: Finanzas | 2ª-3ª Avaliación |

Na táboa seguinte detállanse as unidades didácticas nas que se dividen os seis bloques de IAEE de 4º ESO:

| UNIDADE DIDÁCTICA | TÍTULO |
|---|---|
| **Bloque 1: Autonomía persoal, liderado e innovación** | |
| 1 | O proxecto profesional |
| 2 | A relación laboral |

| | |
|---|---|
| 3 | A seguridade social |
| 4 | Os riscos laborais |
| 5 | Primeiros auxilios |
| **Bloque 2: Proxecto de empresa** | |
| 6 | O proxecto de empresa |
| 7 | A información de Recursos Humanos |
| 8 | As actividades da empresa |
| 9 | A función contable. Documentos de cobro e pago. O arquivo |
| **Bloque 3: Finanzas** | |
| 10 | A forma xurídica e os trámites de constitución |
| 11 | A financiación das empresas |
| 12 | As obrigacións fiscais |

**3.5. CONCRECIÓN METODOLÓXICA DA MATERIA**

O RD 86/2015 establece os “ Principios metodolóxicos”, dos cales destacamos:

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo

24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e

escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O punto de partida será unha avaliación de diagnóstico dos coñecementos previos que desta materia teñan os alumnos xa que inda que é unha materia que cursan por primeira vez. si teñen conceptos previos relativos xa que os contidos económicos están presentes na vida diaria da sociedade actual; a partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo: é dicir, incorporando novos conceptos de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade. Con esta avaliación inicial tamén se detectarán posibles diferenzas individuais para deseñar a metodoloxía máis adecuada que contemple a atención persoal ao alumno e ao grupo.

Aplicarase o método simbólico e verbalístico que se fundamenta na transmisión do saber, no que o profesor é un axente determinante na aprendizaxe, xunto co método intuitivo que tenta achegarse o máis posible á realidade inmediata do alumno, partindo da realización dunhas actividades experimentais que lle implique dunha forma activa, e mediante o deseño doutras que requiran unha colaboración cos seus compañeiros. Estas técnicas de ensino poden converterse en activas mentres o profesor convértese no orientador da aprendizaxe. Todo iso, contribuirá a lograr unha verdadeira motivación do alumno.

En referencia á forma de razoamento utilizaranse métodos dedutivos nos que o profesor presentará os conceptos, principios ou afirmacións de cada bloque dos que se extraerán unhas conclusións e consecuencias, para posteriormente aplicalas a casos particulares da actualidade económica extraídas da consulta en medios audiovisuais e escritos.

O método indutivo, como método activo por excelencia aplicarase á análise de feitos e datos económicos concretos, pasados ou presentes, ademais de análise de experiencias e observacións da contorna do propio alumno, para que así lle axude a alcanzar un razoamento globalizado.

Os recursos metodolóxicos a empregar organizaranse nunha serie de estratexias de ensino-aprendizaxe principalmente heurísticas, e de aproximación razoada, que o profesor deseñará para que conduzan ao alumno para descubrir e a resolver en por si, os problemas que se lle expoñan, e a xerar posibles solucións. A análise e comentario de textos, de noticias económicas, a procura e consulta de

diversas fontes de información serán ferramentas útiles para conseguir esta formación na que para iso faise necesario e aconsellable o uso das tecnoloxías da comunicación e información.

A participación do alumnado é a base fundamental da motivación polo que se realizarán por unha banda actividades individuais, e por outro, traballos en grupo heteroxéneos que se expoñerán publicamente ante o resto do alumnado. En todos os bloques temáticos podemos diferenciar contidos nos que se poden utilizar ambas as formas de participación. Na exposición destas actividades fomentarase o uso de ferramentas ofimáticas básicas e valorarase a correcta expresión oral e escrita. Fomentarase tamén os debates na clase procurando a interacción educativa, así conseguiremos fomentar no alumnado o desenvolvemento e sentimento de respecto por opinións distintas, de tal maneira, que posibilite o exercicio da socialización e convivencia.

En xeral, en cada unidade desenvolveranse os seguintes tipos de actividades:

-Actividades de introdución para iniciar o tema. Terán por obxectivo explorar os coñecementos previos do alumno e conseguir a súa motivación. Para levalas a cabo empregaremos técnicas como a choiva de ideas ou os debates sobre cuestións que trataremos sempre que conecten coa súa realidade máis próxima.

-Actividades de desenvolvemento para desenvolver e profundar nos contidos e na adquisición de competencias, á vez que se consolidan os conceptos máis importantes Trataremos sempre que os contidos reflictan a súa aplicación práctica real e usar estratexias que fomenten a motivación e a interacción dos alumnos no proceso de aprendizaxe

-Actividades de sínteses e comprobación. As actividades de sínteses permitirán integrar os contidos vistos na unidade, tratando de relacionalos cos adquiridos nas unidades anteriores. Os mapas conceptuais, os glosarios de termos, os cadros de sínteses e a actividade talleres de prensa serán poderosas ferramentas para conseguilo.

En ocasións recorreremos tamén ao uso de xogos e a actividades de repaso e autoavaliación

-Tendo sempre presente a atención á diversidade, levarán a cabo actividades de reforzo, que permitan superar aos alumnos que o necesiten dificultades na asimilación de e actividades de ampliación ou enriquecemento, respondendo o ritmo de aprendizaxe daqueles alumnos que alcancen os obxectivos de forma máis rápida.

## 3.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Con carácter xeral empregaranse os seguintes recurso didácticos:

- Libro de texto: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial 4º ESO.. Ed. Editex
- Materiais de traballo elaborados pola profesora a partir da bibliografía e webgrafía
- Medios materiais presentes na aula: encerado, ordenador, canón, pizarra dixital, acceso a internet
- Aula virtual
- Prensa diaria, publicacións especializadas e lecturas de contido económico/empresarial
- Medios e recursos audiovisuais (cancións, películas)
- Recursos didácticos online (KAHOOT)
- Blogs e webs de contido económico/ empresarial

## 3.7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación entendese como un elemento máis do proceso educativo xa que permite orientar e dirixir de forma permanente a aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación contribúe en si mesma a mellorar o rendemento dos alumnos.

Partiremos dunha avaliación inicial ou diagnóstica. Esta proporciónanos información tanto dos coñecementos de partida dos alumnos, como da diversidade existente entre eles, a fin de orientar a intervención educativa do modo máis apropiado. Realizarase nas primeiras semanas de curso.

Realizaranse 3 avaliacións, unha por trimestre. A cualificación do alumno calcularase como a suma ponderada dos seguintes instrumentos, cada un deles puntuado do 0 ao 10:

- **Probas escritas de contido teórico-práctico**, nas cales se valorará o dominio de contidos e a exposición dos mesmos. **A súa media suporá un 40% da nota**.
- **Observación directa do proceso de aprendizaxe** que se plasmará no caderno do profesor/ficha do alumno e **suporá un 10%.** En dita observación do alumno valorarase:

- O traballo diario nas actividades realizadas na aula e fora dela (resolución de exercicios, preguntas orais, debates, etc.) Valorarase entre outros o dominio de procedementos, a expresión dos mesmos, a autonomía e a capacidade investigadora, así como a limpeza e claridade na exposición.
- A actitude e a participación na clase.
- **Traballos recollidos, tanto individuais como en grupo, que suporán un 50% da cualificación**. Valorarase a capacidade de buscar e seleccionar información, o formato, a expresión escrita, a capacidade de expoñelos publicamente , emitir xuízos de valor e defender argumentacións cando corresponda. Cando se leven a cabo actividades e traballos en grupo terase en conta tamén a coordinación do alumnado co grupo e o diálogo cos outros grupos

Para acadar a cualificación positiva na avaliación a suma ponderada estes tres instrumentos debe ser como mínimo dun 5.

De non acadar o aprobado, o alumno poderá realizar un exame de recuperación da avaliación que suporá o 100% da nota. Os profesores poderán decidir realizar esta proba antes da sesión de avaliación ou despois, en función do tempo e das circunstancias do curso. Dito exame poderá usarse para subir nota por aqueles alumnos que o desexen.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos cualificación será cero, incluso cando isto se demostre unha vez rematada a proba.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación. Para superar a materia na avaliación final ordinaria deberá alcanzar un mínimo de 5 puntos na media das tres avaliacións. Sempre e cando teña todas as avaliacións aprobadas. No caso de ter unha ou máis avaliacións suspensas, poderá recuperalas nunha proba final de xuño.

No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado terá dereito a unha avaliación extraordinaria. Está consistirá nunha proba escrita de contados teórico-prácticos que representará o 100% da nota. Para superar a materia deberá obter unha nota igual ou superior ao 5.

Os criterios para cualificar numericamente as avaliacións, así como a nota final e a proba extraordinaria, será a seguinte:

[Escriba aquí]

| | nota final | cualificación. |
|---|---|---|
| < | 1 | 0 |
| < | 2 | 1 |
| < | 3 | 2 |
| < | 4 | 3 |
| < | 5 | 4 |
| < | 5,9 | 5 |
| < | 6,8 | 6 |
| < | 7,7 | 7 |
| < | 8,6 | 8 |
| < | 9,5 | 9 |
| ≥ | 9,5 | 10 |

### 3.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Un dos aspectos máis importantes no proceso de avaliación é o seu carácter corrector das variacións que se poden producir ao longo do proceso de ensino. Así pois, é necesario que un dos obxectos de avaliación sexa a propia actividade, a súa planificación, o seu desenvolvemento e os resultados obtidos.

Así pois tras cada avaliación, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación das actividades escollidas ós obxectivos marcados ao principio na programación.

- O propio desenvolvemento do proceso.

- A actuación do profesor/a nas distintas fases do proceso.

- A selección dos materiais e o seu tratamento para obter os resultados esperados.

- A organización e temporalización do traballo na clase.

- As relacións de convivencia e o traballo en equipo.

- O ambiente de traballo

- O grao de motivación e participación do alumnado no día a día

- Modificacións e melloras das actividades.

No departamento e trataranse todos os aspectos anteriores de forma periódica e reflectiranse as conclusións na correspondente acta . Ademais, ó comezar cada avaliación levarase a cabo, unha análise exhaustivo dos resultados da avaliación anterior, desglosado por cursos e materias.

Teranse en conta todos aqueles instrumentos de avaliación externa. A súa análise e a valoración dos resultados servirá ao Departamento para comprobar que contidos deben ser reforzados e comprobar a efectividade do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Ao longo do curso tamén se procederá a un seguimento da temporalización na distribución dos contidos para efectuar os reaxustes necesarios ou favorecer a coordinación entre os profesores que impartan clase nun mesmo grupo

O obxectivo final é que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotiá da aula como mecanismo de reaxuste tanto do aprendizaxe do alumno/a como do propio proceso de ensino.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

INDICADORES DE LOGRO DA PRACTICA DOCENTE

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación | - | - | - | - |

**3.9.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

Non procede

**3.10. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS**

Non aplica

**3.11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS**

A sesión de avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas de curso a fin de poder orientar a intervención educativa do modo máis axeitado. Servirá para constatar a situación de partida dos alumnos e da diversidade existente entre eles. Realizarase a través dunha pequena proba escrita así como a través de preguntas realizadas de forma oral e da observación na clase.. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica as estratexias metodolóxicas que poden ser máis eficaces para no ensino aprendizaxe da nosa disciplina, así a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade na materia, que se materializa por exemplo en actividades de reforzo e/ou ampliación para o alumnado.

**3.12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención á diversidade ten por finalidade a mellor resposta educativa ás necesidades e diferenzas, ofrecendo oportunidades reais de aprendizaxe a todo o alumnado en contextos educativos ordinarios dentro dun entorno inclusivo, a través de actuacións e medidas educativas.

A avaliación inicial e a colaboración co Departamento de Orientación facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

• Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención

específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc. Tamén dificultades que se poidan derivar da fenda dixital).

• Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, agrupamentos flexibles, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

• Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar .

De forma xeral dende a nosa materia e a nivel de aula traballaremos con:

-Procedementos e recursos metodolóxicos flexibles que permitan adaptarse aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos.

-Flexibilidade nos tempos de desenvolvemento das actividades en función das necesidades do alumnado.

-Combinación de diferentes agrupamentos en función da actividade para realizar, desde o traballado individual ao traballo por parellas ou en grupo, priorizando os grupos heteroxéneos e favorecendo a cooperación e a titoría entre iguais.

-Instrumentos de avaliación que permitan adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

-Introdución de actividades en cada unidade didáctica en orde ascendente de dificultade.

-Deseño de actividades de reforzo para os alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe nalgunha ou algunhas unidades didácticas. Á vez, elaboraranse actividades de ampliación, que permitan una a profundización en contidos para alumnado cun ritmo de asimilación máis rápido.

**3.13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

No proceso de ensino-aprendizaxe fomentarase:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igual-dade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos home e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

- A análise crítica de comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

- O estudo do desenvolvemento sostible e o medio ambiente, dos riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igual-dade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial

- Cada certo tempo o alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que traballarán a través de Internet, para coñecer a actualidade económica.

**3.14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias e extraescolares apoian e enriquecen a actividade docente, contribuíndo a lograr unha formación plena dos alumnos. Propóñense as seguintes para este curso

- Visita a unha empresa cercana.

- Charla-coloquio con emprendedores locais, persoal da Administración local, persoal de banca, sindicatos.

- Talleres/programas presenciais e online relativos á materia.

- Conferencias de interese relacionadas coa materia

- Celebración de efemérides tales como o Día da Paz, Día da muller traballadora, etc.

**3.15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN**

Nas reunións que se celebren no departamento didáctico e, especialmente, ao final de cada avaliación, deberá facerse un seguimento da Programación Didáctica. A información resultante desta análise permitirá modificar a temporalización e os contidos que se traballen na aula para adaptalos aos

diferentes grupos de alumnos, así como das estratexias metodolóxicas. A esto a efectos terase en conta principalmente:

- Resultados da avaliación en cada unha das materias

- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribucións de espazos e tempos aos métodos pedagóxicos utilizados

- Contribución dos métodos pedagóxicos e didácticos á mellora do clima da aula e do centro

As medida adoptadas reflexaranse no libro de actas do departamento e constarán na memoria final de curso.

[Escriba aquí]

**4. ECONOMÍA 1º BACHARELATO**

**4.1. INTRODUCIÓN**

A presente programación elabórase de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Conforme ó Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos. Estrutúrase en sete bloques:

- Primeiro bloque: "Economía e escaseza. A organización da actividade económica". Abórdase o problema que deu orixe á ciencia económica, a relación entre economía e escaseza, continuando coa organización da actividade económica para estudar a estruturados sistemas económicos.

- Segundo bloque: "A actividade produtiva". Descríbese a produción como principal actividade económica

- Terceiro bloque: "O mercado e o sistema de prezos". Neste bloque analízase o comportamento da oferta e da demanda, así como funcionamento dos diferentes mercados.

- Cuarto bloque: "A macroeconomía" céntrase na medición da actividade económica e no estudado mercado de traballo.

- Quinto bloque: "Aspectos financeiros da economía" faise un repaso da vertente financeira da actividade económica.

- Sexto bloque: "O contexto internacional da economía", neste bloque abórdase a análise do sector exterior e dos fenómenos de integración económica e globalización.

- Sétimo bloque: “Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía reflexiónase sobre o carácter cíclico de actividade económica e o papel do Estado para corrixir os desequilibrios do funcionamento económico.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora da calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

## 4.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTOS DAS COMPETENCIAS CLAVE, CONCRECIÓN QUE RECOLLA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

A organización de actividades propostas en unidades didácticas son contextualizadas e relacionadas na medida do posible coa vida cotiá, o que permite a aplicación e transferencia do aprendido na clase, e servirá como comprobación dos progresos realizados na adquisición das competencias básicas.

Un aspecto importante é o fomento do traballo colaborativo e discusións na clase; que deberá ter un carácter significativo, facilitando o adestramento de habilidades sociais, e unha maior motivación nos alumnos.

Segundo a lexislación as áreas curriculares ou disciplinas deben participar no desenvolvemento das distintas habilidades do alumnado. Estas, segundo as especificacións da lei son:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia Dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

No proxecto de Economía para 1º de Bacharelato, tal e como é suxerido pola lei, impulsarase o desenvolvemento da **competencia de comunicación lingüística**. Esta competencia afonda nas habilidades de escoita, comprensión e presentación de mensaxes orais e escritas, que na etapa de Bacharelato requiren un nivel máis elevado de desenvolvemento, uns recursos máis complexos para xestionar nun nivel máis diverso e de nivel cognitivo superior.

Importante dicir, que esta aportación non se limita a mellora das competencias lingüísticas, pois inclúe o desenvolvemento de todos os elementos expresivos, en especial os de carácter audiovisual.

A materia de Economía usa a súa propia terminoloxía para capacitar os alumnos a incorporar esa linguaxe e termos que debe empregar nos momentos axeitados con suficiente propiedade. Ademais, a comunicación dos resultados da investigación e outros traballos realizados favorece o desenvolvemento de competencia lingüística en comunicación. As lecturas e discusións que se levarán a cabo nas unidades didácticas da materia, tamén permitirán a familiarización e utilizar a linguaxe económica.

En canto á competencia matemática e **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, tamén se traballará neste campo. Para desenvolvelas, o alumnado implementará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións... Apreciarán con iso a importancia do método científico na área das ciencias sociais.

A **competencia dixital** é desenvolvida para fomentar a investigación, selección e utilización da información en medios dixitais, así como permitir que os alumnos se familiaricen cos códigos diferentes, formas e linguas en que a información científica (gráficos, estatísticas, táboas...). O uso da tecnoloxía da información e comunicacións no aprendizaxe da economía para comunicarse, recoller información, tratar os datos... é un recurso útil que axuda a amosar unha visión actualizada da situación económica dun país.

A gran cantidade de información que pode ser obtida a partir da Internet, cada vez máis, debe ser adquirido correctamente seleccionado e asimilado para transformalo nun coñecemento adecuado.

Trátase de mellorar a búsqueda selectiva da información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia) a súa análise, xestión, interpretación e análise, para realizar a síntese e desenvolvemento de pequenas informes, que serán presentadas e discutidas na clase.

A adquisición da competencia para **aprender a aprender** nesta materia baséase na natureza instrumental de gran parte do coñecemento adquirido. Ao operar con modelos teóricos tamén se incentiva a imaxinación, a análise, habilidades de observación ambientais, a iniciativa, a creatividade e o pensamento crítico, o que incentiva a aprendizaxe independente. Os diferentes paradigmas existentes sobre cuestións económicas fundamentais, como a inflación, o paro ou a intervención do Estado na economía, son discutidos e polo tanto os alumnos construirán o seu propio coñecemento posicionándose a favor ou contra.

Esta materia incentiva o traballo en equipo para resolver actividades que promovan o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto polas opinións dos demais, o que contribúen á adquisición de **competencias sociais e cívicas**. Do mesmo xeito, os coñecementos económicos son unha parte esencial da cultura cívica, cada vez máis sensibilizados con estas cuestións pola súa presenza nos medios de comunicación e a súa importancia na economía familiar.

A materia de economía constrúe as bases do **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, xa que educa en actitudes e capacidades emprendedoras e asegura a comprensión de conceptos económicos básicos, incluíndo o desenvolvemento de certas calidades persoais: a elección de recursos, planificación, resolución de problemas e avaliación de resultados.

O desenvolvemento de modelos sinxelos que representan a realidade económica na materia de economía de 1º de Bacharelato, tamén contribúen ao desenvolvementos da **conciencia e expresión cultural.**

Os estándares de aprendizaxe avaliables son os recollidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e que se detallan a continuación:

| Economía. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Economía e escaseza .A organización da actividade económica | | | |
| i l | B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | B1.1.Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. | ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. | CAA<br>CMCCT |
| a<br>h<br>i l | B1.2. Mecanismos de asignación de recursos.<br>B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos. | B1.2.Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas | ECB1.2.1.Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. | CSC<br>CMCCT<br>CD |
| | | | ECB1.2.2.Relaciona,para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. | CSC<br>CD<br>CAA |
| | | | ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. | CAA<br>CD<br>CSC |
| i l | B1.4. Economía como ciencia: actividade económica sociedade.<br>B1.5. Principios na toma de decisións económicas.<br>B1.6.Modeloseconómicos.Economía positiva e normativa.<br>B1.7.Informacióneconómica: interpretación de datos gráficos. | B1.3.Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos. | ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. | CAA<br>CMCCT |
| | | | ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. | CCL<br>CMCCT<br>CD |
| | Bloque 2. A actividade produtiva | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| i l<br>m<br>p | B2.1.Proceso produtivo e factores de produción. | B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ECB2.1.1.Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. | CAA<br>CCL<br>CSC |

| Economía. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| l | B2.2 División técnica do traballo, produtividade e interdependencia | B2.2 Explicar as razóns técnicas do proceso de división de traballo | ECB2.2.1 Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. | CMCCT |
| | | | ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | CMCCT<br>CCL |
| a<br>h<br>i<br>l<br>m | B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción. | B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas. | ECB2.3.1.Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. | CSIEE<br>CCL |
| a<br>h<br>i<br>m | B2.4. Empresa: obxectivos e funcións. | B2.4.Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. | ECB2.4.1.Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. | CSIEE<br>CAA |
| | | | ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas. | CD<br>CCL |
| i<br>l<br>m | B2.5. Eficacia, eficiencia efectividade.<br><br>B2.6.Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica. | B2.5.Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. | ECB2.5.1.Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. | CD<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| i<br>l<br>m | B2.7.Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios. | B2.6.Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos. | ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. | CMCCT<br>CD |
| | | | ECB2.6.2.Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha emprésaa partir de supostos de ingresos e custos dun período. | CMCCT<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| i<br>l<br>m | B2.8. Función de produción. | B2.7.Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado. | ECB2.7.1.Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados. | CMCCT<br>CD |
| | Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos | | | |
| | | Economía. 1º de bacharelato | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| i<br>l<br>m | B3.1.Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.<br>B3.2.Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.<br>B3.3. Equilibrio do mercado. | B3.1.Interpretar,a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables. | ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. | CMCCT<br>CD |
| | | | ECB3.1.2.Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. | CMCCT<br>CCL |
| | | | ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais. | CMCCT<br>CD |
| a<br>h | B3.4.Estruturas de mercado e modelos de competencia. | B3.2.Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así | ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. | CMCCT<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| i<br>l<br>m | B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística. | como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresa | ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. | CAA<br>CSC |
| | | | ECB3.2.3.Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados. | CSC |
| | Bloque 4. A macroeconomía | | | |
| g<br>h<br>i l | B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.<br>B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.<br>B4.3. Inflación e tipos de xuro.<br>B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación. | B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade devida. | ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país. | CMCCT<br>CD CSC<br>CCL |
| | | | ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utiliza as para establecer comparacións con carácter global. | CAA CSC |
| | | | ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida. | CSC |

| Economía. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| g<br>i l | B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións. | B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución. | ECB4.2.1.Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo. | CMCCT<br>CD |
| | | | ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas. | CAA<br>CD |
| | | | ECB4.2.3.Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízaas e interprétaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal. | CD<br>CMCCT |
| a<br>h<br>i l<br>m | B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e c causas. | B4.3.Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego. | ECB4. 3.1.Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. | CMCCT<br>CD |
| | | | ECB4.3.2.Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios. | CSC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego. | CAA<br>CD |
| a<br>g<br>h<br>i | B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. | B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego. | ECB4.4.1.Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación. | CD<br>CSIEE |
| | Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía | | | |
| i<br>l | B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento.<br>B5.2. Proceso de creación do diñeiro. | B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden. | ECB5.1.1.Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía. | CSC<br>CMCCT<br>CD CCL |

| Economía. 1º debacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios deavaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| [Escriba aquí]<br>a<br>d<br>h<br>i | B5.3. Teorías explicativas da inflación. | B5.2.Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto daeconomía. | ECB5.2.1. Recoñeceas causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais. | CSC<br>CD |
| i<br>l | B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento. | B5.3.Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados. | ECB5.3.1.Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtose os mercados que o | CAA<br>CSC<br>CD |
| a<br>d<br>h<br>i | B5.5. Política monetaria: instrumentos. | B5.4. Analizar os tipos de política monetaria. | ECB5.4.1.Razoa de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social. | CAA<br>CMCCT<br>CSC |
| i<br>l<br>a<br>h<br>i | B5.6. BancoCentral Europeo.<br>B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobreos tipos dexuro. | B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria. | ECB5.5.1.Identifica osobxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre os eu papel e o seu funcionamento. | CSC<br>CMCCT<br>CD |
| | | | ECB5.5.2.Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía. | CMCCT<br>CCL |
| | Bloque 6.O contexto internacional da economía | | | |
| g<br>i<br>l | B6.1. Comercio internacional: causas e teorías.<br>B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española. | B6.1.Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías. | ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais. | CSC<br>CCL<br>CMCCT |
| a<br>i<br>l | B6.3. Cooperación e integración económica.<br>B6.4. Unión Europea(UE). | B6.2.Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea. | ECB6.2.1.Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a | B6.5. Globalización económica e financeira: | B6.3. Analizar e valorar as causas e as | ECB6.3.1.Expresaas razóns que xustifican o | CSC |

| Economía. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| b<br>h<br>i l<br>p | causas e consecuencias.<br>B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación. | consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación. | intercambio económico entre países. | CCL |
| | | | ECB6.3.2.Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación. | CAA<br>CD<br>CMCCT<br>CSC |
| | Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | | | |
| a<br>b<br>c<br>i l | B7.1. Ciclos económicos: crises na economía.<br>B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento.<br>B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso.<br>B7.4.Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución. | B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial. | ECB7.1.1.Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda. | CSC<br>CMCCT<br>CD |
| | | | ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento. | CCL<br>CMCCT |
| | | | ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida. | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ECB7.1.4.Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. | CAA<br>CSC<br>CD |
| | | | ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | CSC<br>CMCCT |
| | | | ECB7.1.6.Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas. | CSC<br>CAA |
| | | | ECB7.1.7.Identifica os bens ambientais como factor deprodución escaso,que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados | CSC<br>CMCCT |
| | | | ECB7.1.8.Recoñece a evolución cíclica da actividade económica,describeas fases,as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais. | CSC<br>CMCCT |
| a<br>c<br>i<br>l | B7.5. Políticafiscal e orzamentos públicos.<br>B7.6. O Estadona economía: funcións.<br>B7.7.Os fallos do mercado e a intervención do sector público.<br>B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade deoportunidades. | B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os económica. | ECB7.2.1.Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. | CCL<br>CMCCT |
| | | | ECB7.2.2.Identifica os principais fallos do mercado,as súas causa se os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte doEstado. | CSC<br>CMCCT<br>CD |
| | | | ECB7.2.3.Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | CAA<br>CMCCT<br>CD |

**4.3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO**

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a nondiscriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. d)Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

d) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

e) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

f) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

g) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

h) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

i) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

j) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

k) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

l) ñ)Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

m) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

n) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 4.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica | | | |
| ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontaren todo sistema económico. | 4 sesións | Explica o problema da escaseza e a necesidade de elixir e de tomar decisións. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguindo a resolución dun problema. Clasifica as necesidades atendendo a os criterios de Maslow e os bens económicos atendendo a diversos criterios | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. | 2 sesións | Recoñece os elementos máis determinantes que se afrontan en todo sistema económico Entende a información sobre os elementos clave nos sistemas económicos; observa, analiza e clasifica os prantexamentos e as formas de abordalos | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. | 3 sesións | Identifica e interpreta situacións concretas de cambio no escenario económico mundial coas circunstancias que os explican | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB1.2.3.Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. | 3 sesións | Analiza as características propias dos sistemas escollidos e as identifica como propias dun determinado sistema económico | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB1.3.1.Distingueas proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. | 3 sesións | Distingue as proposicións económicas positivas e as normativas; as explica correctamente | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. | 4 sesións | Explica con coherencia o fluxo circular da renda e o representa diferenciando o fluxo real do fluxo monetario | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | Bloque2. A actividade produtiva | |
| ECB2.1.1.Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. | 1 sesións | Identifica en diferentes supostos as distintas etapas do sistema produtivo, definindo as funcións a desenvolver en cada unha delas | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB2.2.1.Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. | 1/2 sesión | Coñece e relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB2.2.2.Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | 1/2sesión | Coñece e explica as categorías dos factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. | 1/2sesión | Identifica e describe con exactitude os efectos da actividade empresarial sobre o entorno social e físico | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. | 1/2sesión | Describe e identifica as funcións e os obxectivos das empresas | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas. | 1/2sesión | | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB2.5.1.Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. | 1,5 sesións | Selecciona os procesos eficientes técnica e economicamente empregando a análise matemática | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. | 1,5 sesións | Calcula os diferentes tipos de custos, distinguindo o seu significado e é capaz de representalos nun gráfico incorporando todos os elementos básicos para a súa interpretación | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de | 1sesións | Determina o beneficio ou perdas dunha empresa a partir dos datos de ingresos e custos, represéntaos | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|

| Bloque2. A actividade produtiva | | | |
|---|---|---|---|
| supostos de ingresos e custos dun período. | | ingresos e identifica na gráfica as zonas de beneficios e perdas | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB2.7.1.Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados. | 0,5 sesión | Representa gráficos de produción total, media e marxinal correctamente incluíndo todos os elementos necesarios para a súa correcta interpretación. Elabora un discurso coherente para explicar a evolución dos diferentes datos representados | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos | | | |
| ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. | 4sesións | Representa graficamente as modificacións que, sobre a oferta e a demanda, producen a alteración das variables que inciden sobre ditas magnitudes, e as explica coherentemente tendo en conta os diferentes tipos de bens sobre as que recaen | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. | 4sesións | Calcula os valores da oferta e da demanda empregando ecuacións da recta. Determina os puntos de corte cos eixos e o punto de equilibrio do mercado | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais. | 3sesións | Calcula con exactitude as elasticidades nun punto e arco da oferta e a demanda. Elabora explicacións coherentes dos efectos das variacións dos prezos sobre a oferta e a demanda dun ben e indica como lle afecta ao ingreso total | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e | 2 sesións | Identifica os elementos diferenciadores dos diferentes tipos de mercado | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque3. O mercado e o sistema de prezos | | | |
| explica as súas diferenzas. | | | |
| ECB3.2.2.Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. | 2 sesións | Aplica os elementos diferenciadores dos mercados para a súa catalogación | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados. | 2 sesións | Interpreta adecuadamente a actuación dos axentes no mercado e entende se melloran ou empeoran o seu benestar ante variacións do equilibrio a través do excedente. | |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|

| Bloque4. A macroeconomía | | | |
|---|---|---|---|
| ECB4.1.1.Mide,interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país. | 4 sesións | Coñece os compoñentes de cada unha das macromagnitudes e interpreta os datos dos mesmos para valorar a evolución da economía dun país | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízaas para establecer comparacións con carácter global. | 6 sesións | Converte unhas magnitudes noutras empregando as relacións descritas na aula | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida. | 3 sesións | Detecta as carencias das macromagnitudes como indicadores da calidade de vida e enuncia alternativas a ditos indicadores | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB4.2.1.Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo. | 3 sesións | Analiza e elabora gráficos sinxelos de variables macroeconómicas e valora a súa evolución no tempo. | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñéceos | 2 sesións | Consulta os xornais e a web para a elaboración de traballos e para o día a día da aula | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque4. A macroeconomía | | | |
| métodos de estudo utilizados por economistas. | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB4.2.3.Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízaas e interprétaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal. | 2 sesións | Define fórmulas sinxelas en follas de cálculo para o cálculo das variables macroeconómicas, e presenta os datos en gráficas mediante o asistente | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB4.3.1.Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. | 2 sesións | Extrae información relevante das gráficas de emprego e é capaz de interpretalas en contradicións | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB4.3.2.Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios. | 1sesións | Percibe a correlación directa entre formación e emprego cualificado | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB4.3.3.Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego. | 1 sesións | Consulta as estatísticas sobre educación e emprego e analiza a correlación entre formación e emprego cualificado | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB4.4.1.Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación. | 3 sesións | Coñece os diferentes tipos de inflación e de desemprego, e identifica as posibilidades para contrarrestalos | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | | |
| Bloque 5. Aspectos financeiros da economía | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía. | 2 sesións | Explica o proceso de creación de diñeiro bancario, e a razón de ser do sistema financeiro como canalizador do aforro | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB5.2.1.Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais. | 2 sesións | Coñece as diferentes orixes da inflación é consciente dos seus efectos sobre a estabilidade económica | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | Bloque5. Aspectos financeiros da economía | |
| ECB5.3.1.Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen. | 2 sesións | Recoñece a necesidade da existencia do sistema financeiro. E capaz de dar unha breve descrición dos principais produtos financeiros e de diferenciar os mercados que o compoñen | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB5.4.1.Razoa de forma crítica, en contextos reais, sóbreas accións de política monetaria e o seu impacto económico e social. | 2sesións | Identifica dúas consecuencias de determinadas políticas monetarias sóbrea economía real | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu funcionamento. | 2 sesións | Coñece as principais funcións do Banco Central Europeo | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB5.5.2.Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía. | 2 sesións | Enumera as repercusións que as variación dos tipos de xuro poden producir, tanto dende un punto de vista neoclásico como dende un punto de vista keynesiano | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | Bloque 6. O contexto internacional da economía | |
| ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais. | 4 sesións | Domina o cálculo e a interpretación dunha balanza de pagos sinxela | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB6.2.1.Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global. | 3 sesións | Distingue entre os diferentes niveis de integración existentes a nivel mundial. É capaz de visualizar os efectos que para a economía española supón a nosa pertenza a Unión Europea | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB6.3.1.Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. | 2 sesións | Identifica as diferenzas entre países e a utilización das economías de escala como criterios que explica no comercio internacional | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | Bloque6. O contexto internacional da economía | |
| ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación. | 6 sesións | Coñece e explica as consecuencias positivas e negativas da globalización e é consciente da necesidade de lexislar para reducir as segundas | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | Bloque7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | |
| ECB7.1.1.Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda. | 1sesión | É capaz de empregar os datos facilitados para diferenciar situacións de crecemento, desenvolvemento e de redistribución da renda | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento. | 1 sesión | Diferenza os conceptos de crecemento e de desenvolvemento en exemplos reais | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida. | 1sesión | Valora criticamente diferentes posibilidades de crecemento económico e as súas repercusións sobre a calidade de vida e o medio ambiente | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB7.1.4.Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. | 1 sesión | Identifica as variables máis básicas e a súa evolución para cualificar aos países como emerxentes | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB7.1.5.Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | 1/sesión | Identifica as implicacións que o desenvolvemento económico ten sobre o medio ambiente e diferencia entre externalidades positivas e negativas | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB7.1.6.Desenvolve actitudes positivas en | 1/2 sesión | Diferenza entre actitudes favorables e contrarias co | Observación directa, proba escrita, traballos |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | | | |
| relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na tomade decisións económicas. | | ambiente e crea respostas positivas a nivel económica cara as primeiras. | |
| ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados. | 1/2 sesión | Recoñece o carácter limitado dos recursos e expresa valores positivos cara a súa reutilización. Incorpora a xestión medioambiental ao seu pensamento crítico | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB7.1.8.Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais. | 1sesión | Identifica as fases do ciclo económico e asocia a cada unha as súas principais características | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB7.2.1.Distinguee explícaas funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. | 1sesión | Explica o funcionamento das medidas do Estado cara a estabilidade da economía e a redistribución da renda e a s exemplifica | Observación directa, proba escrita, traballos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB7.2.2.Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado. | 1sesión | Explica coherentemente como se orixinan os fallos do mercado e a actuación que se espera do Estado para mitigar os seus efectos | Observación directa, proba escrita, traballos |
| ECB7.2.3.Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlara súa execución. | 1sesión | Coñece os principais epígrafes dos orzamentos do estado e é capaz de clasificar algunhas partidas sinxelas neles. | Observación directa, proba escrita, traballos |

Sinalar, no que respecta ó grao mínimo de consecución, que non se considera ningún estándar de aprendizaxe imprescindible para a superación da materia, pero si un conxunto deles que amosen un dominio adecuado do alumno da materia e dos termos económicos. As avaliacións están organizadas por bloques de estándares e contidos relativamente independentes, no cal o alumno debe demostrar capacidade e suficiencia en cada bloque. Co cal, independentemente dos estándares de maneira individual que poida superar satisfactoriamente, enténdese que terá un dominio suficiente cando teña asimilados e certificados un conxunto deles de cada bloque/avaliación que lle permitan ter independencia e poida demostrar capacidades e competencias a nivel económico. Así o mínimo de consecución considerarase como o dominio suficiente e adecuado da metade, polo menos, dos estándares de aprendizaxe valorados en probas escritas, traballos e produción na aula. Se levamos isto a unha cualificación numérica enténdese que o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 sobre 10 en cada avaliación

Amosamos a continuación a temporalización dos bloques por avaliación:

| BLOQUES | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|
| 1. A economía e a escaseza | 1ª Avaliación |
| 2. A actividade produtiva | 1ª Avaliación |
| 3. O mercado e o sistema de prezos | 1ª Avaliación |
| 4. A macroeconomía | 2ª Avaliación |
| 5. Aspectos financeiros da economía | 3ª Avaliación |
| 6. O contexto internacional da economía | 3ª Avaliación |
| 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | 2ª Avaliación |

A continuación detállanse as unidades didácticas nas que se dividirán os sete bloques da materia:

| UD. | TÍTULO |
|---|---|
| **Bloque 1: A economía e a escaseza** | |
| 1 | Economía: a ciencia das decisións |
| 2 | Organización e crecemento |
| **Bloque 2: A actividade produtiva** | |
| 3 | A produción |
| **Bloque 3: O mercado e o sistema de prezos** | |
| 4 | O mercado |
| 5 | Tipos de mercado |
| **Bloque 4: A macroeconomía** | |
| 6 | O mercado de traballo |
| 7 | O papel do Estado |
| 8 | Indicadores e equilibrio macroeconómico |
| 9 | As contas do Estado |
| **Bloque 5: Aspectos financeiros de Economía** | |
| 10 | O diñeiro e a política monetaria |
| 11 | O sistema financeiro. A Bolsa |
| **Bloque 6: O contexto internacional de economía** | |
| 12 | O comercio internacional |
| 13 | Unión Europea e globalización |
| **Bloque 7: Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía** | |
| 14 | O desequilibrios da economía mundial |

### 4.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

O RD 86/2015 establece os principios metodolóxicos para o Bacharelato. Entre eles destacamos:

*2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.*

*3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria*

*para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.*

O punto de partida será unha avaliación de diagnóstico dos coñecementos previos que desta materia teñan os alumnos xa que inda que é unha materia que cursan por primeira vez. si teñen conceptos previos relativos xa que os contidos económicos están presentes na vida diaria da sociedade actual; a partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo: é dicir, incorporando novos conceptos de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade económica. Con esta avaliación inicial tamén se detectarán posibles diferenzas individuais para deseñar a metodoloxía máis adecuada que contemple a atención persoal ao alumno e ao grupo.

Aplicarase o método simbólico e verbalístico que se fundamenta na transmisión do saber, no que o profesor é un axente determinante na aprendizaxe, xunto co método intuitivo que tenta achegarse o máis posible á realidade inmediata do alumno, partindo da realización dunhas actividades experimentais que lle implique dunha forma activa, e mediante o deseño doutras que requiran unha colaboración cos seus compañeiros. Estas técnicas de ensino poden converterse en activas mentres o profesor convértese no orientador da aprendizaxe. Todo iso, contribuirá a lograr unha verdadeira motivación do alumno.

En referencia á forma de razoamento utilizaranse métodos dedutivos nos que o profesor presentará os conceptos, principios ou afirmacións de cada bloque dos que se extraerán unhas conclusións e consecuencias, para posteriormente aplicalas a casos particulares da actualidade económica extraídas da consulta de noticias en medios audiovisuais e escritos. Desta forma o alumnado verá a Economía como algo próximo e en continua evolución.

O método indutivo, como método activo por excelencia aplicarase á análise de feitos e datos económicos concretos, pasados ou presentes, ademais de análise de experiencias e observacións da contorna do propio alumno, para que así lle axude a alcanzar un razoamento globalizado.

Os recursos metodolóxicos a empregar organizaranse nunha serie de estratexias de ensino-aprendizaxe principalmente heurísticas, e de aproximación razoada, que o profesor deseñará para que conduzan ao alumno para descubrir e a resolver en por si, os problemas que se lle expoñan, e a xerar posibles solucións. A análise e comentario de textos, de noticias económicas, a procura e consulta de diversas fontes de información que ofrecen datos e tendencias sobre as principais magnitudes económicas serán ferramentas útiles para conseguir esta formación na que para iso faise necesario e aconsellable o uso das tecnoloxías da comunicación e información.

A participación do alumnado é a base fundamental da motivación polo que se realizarán por unha banda actividades individuais, e por outro, traballos en grupo heteroxéneos que se expoñerán publicamente ante o resto do alumnado. En todos os bloques temáticos podemos diferenciar contidos nos que se poden utilizar ambas as formas de participación. Na exposición destas actividades fomentarase o uso de ferramentas ofimáticas básicas e valorarase a correcta expresión oral e escrita. Fomentarase tamén os debates na clase procurando a interacción educativa, así conseguiremos fomentar no alumnado o desenvolvemento e sentimento de respecto por opinións distintas, de tal maneira, que posibilite o exercicio da socialización e convivencia.

En xeral, en cada unidade desenvolveranse os seguintes tipos de actividades:

-Actividades de introdución para iniciar o tema. Terán por obxectivo explorar os coñecementos previos do alumno e conseguir a súa motivación. Para levalas a cabo empregaremos técnicas como a choiva de ideas ou os debates sobre cuestións que trataremos sempre que conecten coa súa realidade máis próxima.

-Actividades de desenvolvemento para desenvolver e profundar nos contidos e na adquisición de competencias, á vez que se consolidan os conceptos máis importantes Trataremos sempre que os contidos reflictan a súa aplicación práctica real e usar estratexias que fomenten a motivación e a interacción dos alumnos no proceso de aprendizaxe

-Actividades de sínteses e comprobación. As actividades de sínteses permitirán integrar os contidos vistos na unidade, tratando de relacionalos cos adquiridos nas unidades anteriores. Os mapas conceptuais, os glosarios de termos, os cadros de sínteses e a actividade talleres de prensa serán poderosas ferramentas para conseguilo.
En ocasións recorreremos tamén ao uso de xogos e a actividades de repaso e autoavaliación

-Tendo sempre presente a atención á diversidade, levarán a cabo actividades de reforzo, que permitan superar aos alumnos que o necesiten dificultades na asimilación de e actividades de ampliación ou enriquecemento, respondendo o ritmo de aprendizaxe daqueles alumnos que alcancen os obxectivos de forma máis rápida.

### 4.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Con carácter xeral empregaranse os seguintes recurso didácticos:

- Libro de texto: Economía 1º Bacharelato. Anxo Penalonga Sweers. Ed. Mc Graw Hill
- Materiais de traballo elaborados pola profesora a partir da bibliografía e webgrafía
- Medios materiais presentes na aula: encerado, ordenador, canón, pizarra dixital, acceso a internet
- Software (Excel, Power Point)
- Aula virtual
- Prensa diaria, publicacións especializadas e lecturas de contido económico
- Medios e recursos audiovisuais (cancións, películas)
- Recursos didácticos online (KAHOOT)
- Blogs e webs de contido económico

### 4.7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación entendese como un elemento máis do proceso educativo xa que permite orientar e dirixir de forma permanente a aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación contribúe en si mesma a mellorar o rendemento dos alumnos.

Partiremos dunha avaliación inicial ou diagnóstica. Esta proporciónanos información tanto dos coñecementos de partida dos alumnos, como da diversidade existente entre eles, a fin de orientar a intervención educativa do modo máis apropiado. Realizarase nas primeiras semanas de curso.
Realizaranse 3 avaliacións, unha por trimestre. A cualificación do alumno calcularase como a suma ponderada dos seguintes instrumentos, cada un deles puntuado do 0 ao 10:

- **Probas escritas de contido teórico-práctico**, nas cales se valorará o dominio de contidos e a exposición dos mesmos. **A súa media suporá un 70% da nota**, coa esixencia de que o alumno/a teña como mínimo un 3 para poder facer media.
- **Observación directa do proceso de aprendizaxe** que se plasmará no caderno do profesor/ficha do alumno e **suporá un 10%.** En dita observación do alumno valorarase:
- O traballo diario nas actividades realizadas na aula e fora dela (resolución de exercicios, preguntas orais, debates, etc.) Valorarase entre outros o dominio de procedementos, a expresión dos mesmos, a autonomía e a capacidade investigadora, así como a limpeza e claridade na exposición.
- A actitude e a participación na clase.
- **Traballos recollidos, tanto individuais como en grupo, que suporán un 20% da cualificación**. Valorarase a capacidade de buscar e seleccionar información, o formato, a expresión escrita, a capacidade de expoñelos publicamente , emitir xuízos de valor e defender argumentacións cando corresponda. Cando se leven a cabo actividades e traballos en grupo terase en conta tamén a coordinación do alumnado co grupo e o diálogo cos outros grupos.

Para acadar a cualificación positiva na avaliación a suma ponderada estes tres instrumentos debe ser como mínimo dun 5.

De non acadar o aprobado, o alumno poderá realizar un exame de recuperación da avaliación que suporá o 100% da nota. A profesora poderá decidir realizar esta proba antes da sesión de avaliación ou despois, en función do tempo e das circunstancias do curso. Dito exame poderá usarse para subir nota por aqueles alumnos que o desexen.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos cualificación será cero, incluso cando isto se demostre unha vez rematada a proba.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación. Para superar a materia na avaliación final ordinaria deberá alcanzar un mínimo de 5 puntos na media das tres avaliacións. Sempre e cando teña todas as avaliacións aprobadas. No caso de ter unha ou máis avaliacións suspensas, poderá recuperalas nunha proba final de xuño.
No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado terá dereito a unha avaliación extraordinaria. Está consistirá nunha proba escrita de contados teórico-prácticos que representará o 100% da nota. Para superar a materia deberá obter unha nota igual ou superior ao 5.

Os criterios para cualificar numericamente as avaliacións, así como a nota final e a proba extraordinaria, será a seguinte:

| | nota final | cualificación. |
|---|---|---|
| < | 1 | 0 |
| < | 2 | 1 |
| < | 3 | 2 |
| < | 4 | 3 |
| < | 5 | 4 |
| < | 5,9 | 5 |
| < | 6,8 | 6 |
| < | 7,7 | 7 |
| < | 8,6 | 8 |
| < | 9,5 | 9 |
| ≥ | 9,5 | 10 |

### 4.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Un dos aspectos máis importantes no proceso de avaliación é o seu carácter corrector das variacións que se poden producir ao longo do proceso de ensino. Así pois, é necesario que un dos obxectos de avaliación sexa a propia actividade, a súa planificación, o seu desenvolvemento e os resultados obtidos.

Así pois tras cada avaliación, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación das actividades escollidas ós obxectivos marcados ao principio na programación.

- O propio desenvolvemento do proceso.

- A actuación do profesor/a nas distintas fases do proceso.

- A selección dos materiais e o seu tratamento para obter os resultados esperados.

- A organización e temporalización do traballo na clase.

- As relacións de convivencia e o traballo en equipo.

- O ambiente de traballo

- O grao de motivación e participación do alumnado no día a día

- Modificacións e melloras das actividades.

No departamento e trataranse todos os aspectos anteriores de forma periódica e reflectiranse as conclusións na correspondente acta . Ademais, ó comezar cada avaliación levarase a cabo, unha análise exhaustivo dos resultados da avaliación anterior, desglosado por cursos e materias.

Teranse en conta todos aqueles instrumentos de avaliación externa. A súa análise e a valoración dos resultados servirá ao Departamento para comprobar que contidos deben ser reforzados e comprobar a efectividade do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Ao longo do curso tamén se procederá a un seguimento da temporalización na distribución dos contidos para efectuar os reaxustes necesarios ou favorecer a coordinación entre os profesores que impartan clase nun mesmo grupo

O obxectivo final é que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotiá da aula como mecanismo de reaxuste tanto do aprendizaxe do alumno/a como do propio proceso de ensino.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

INDICADORES DE LOGRO DA PRACTICA DOCENTE

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación | - | - | - | - |

### 4.9.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE SER O CASO.

O Departamento de Economía proporcionaralles ós alumnos coa materia pendente unha serie de actividades que reflexarán os contidos mínimos esixibles, as cales deberán ser entregadas en data. Así mesmo programaranse 2 probas parciais de contido teórico-práctico para verificar a superación da materia. Estas publicaranse en tempo e forma adecuada.

Se se superan estes parciais (nota superior a 5 en todos e cada un deles) terase a materia superada. No caso de non superar un só parcial, poderá recuperar esa parte na data do exame final de avaliación.

Para aqueles alumnos e alumnas que non superen a materia por parciais, teñen o dereito a presentarse a unha proba final. A data publicarase en tempo e forma adecuada. Neste caso para superar a materia é necesario igualar ou superar o 5. Se ben aqueles alumnos que superen algunha das dúas probas citas no punto anterior liberaráselles da materia da parte aprobada.

### 4.10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS

Para acreditas os coñecementos previos, realizase nas primeiras semanas de curso unha pequena proba escrita con preguntas xerais sobre a materia. Esta completarse con preguntas orais e a observación na aula

### 4.11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A sesión de avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas de curso a fin de poder orientar a intervención educativa do modo máis axeitado. Servirá para constatar a situación de partida dos alumnos e da diversidade existente entre eles. Realizarase a través dunha pequena proba escrita así como a través de preguntas realizadas de forma oral e da observación na clase.. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica as estratexias metodolóxicas que poden ser mais eficaces no ensino-aprendizaxe da nosa disciplina, así como a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade na materia, que se materializa por exemplo en actividades de reforzo e/ou ampliación para o alumnado. De igual forma oriéntanos nas estratexias metodolóxicas

Debemos ter en contar que neste curso atopámonos alumnos que xa cursaron Economía en 4º ESO, mentres que para outros é a primeira aproximación á materia.

## 4.12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade ten por finalidade a mellor resposta educativa ás necesidades e diferenzas, ofrecendo oportunidades reais de aprendizaxe a todo o alumnado en contextos educativos ordinarios dentro dun entorno inclusivo, a través de actuacións e medidas educativas.

A avaliación inicial e a colaboración co Departamento de Orientación facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc. Tamén dificultades que se poidan derivar da fenda dixital).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, agrupamentos flexibles, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar .

De forma xeral dende a nosa materia e a nivel de aula traballaremos con:

-Procedementos e recursos metodolóxicos flexibles que permitan adaptarse aos diferentes ritmos e

estilos de aprendizaxe dos alumnos.

-Flexibilidade nos tempos de desenvolvemento das actividades en función das necesidades do alumnado.

-Combinación de diferentes agrupamentos en función da actividade para realizar, desde o traballado individual ao traballo por parellas ou en grupo, priorizando os grupos heteroxéneos e favorecendo a cooperación e a titoría entre iguais.

-Instrumentos de avaliación que permitan adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

-Introdución de actividades en cada unidade didáctica en orde ascendente de dificultade.

-Deseño de actividades de reforzo para os alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe nalgunha ou algunhas unidades didácticas. Á vez, elaboraranse actividades de ampliación, que permitan una a profundización en contidos para alumnado cun ritmo de asimilación máis rápido.

### 4.13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

No proceso de ensino-aprendizaxe fomentarase:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igual-dade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos home e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

- A análise crítica de comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

- O estudo do desenvolvemento sostible e o medio ambiente, dos riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igual-dade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial

- Cada certo tempo o alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que traballarán a través de Internet, para coñecer a actualidade económica.

## 4.14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares apoian e enriquecen a actividade docente, contribuindo a lograr unha formación plena dos alumnos. Propóñense as seguintes para este curso

- Visita a unha empresa cercana.
- Charla-coloquio con emprendedores locais, persoal da Administración local, persoal de banca, sindicatos.
- Talleres/programas presenciais e online relativos á materia.
- Conferencias de interese relacionadas coa materia
- Celebración de efemérides tales como o Día da Paz, Día da muller traballadora, etc.

## 4.15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Nas reunións que se celebren no departamento didáctico e, especialmente, ao final de cada avaliación, deberá facerse un seguimento da Programación Didáctica. A información resultante desta análise permitirá modificar a temporalización e os contidos que se traballen na aula para adaptalos aos diferentes grupos de alumnos, así como das estratexias metodolóxicas. A estes efectos terase en conta principalmente:

- Resultados da avaliación en cada unha das materias
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribucións de espazos e tempos aos métodos pedagóxicos utilizados
- Contribución dos métodos pedagóxicos e didácticos á mellora do clima da aula e do centro

As medida adoptadas reflexaranse no libro de actas do departamento e constarán na memoria final de curso.

## 5. ECONOMÍA DA EMPRESA 2º BACHARELATO

### 5.1. INTRODUCCIÓN

A presente programación elabórase de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Conforme ó Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a Economía da empresa estuda e analiza respostas para os problemas económicos que se plantexan no seo da empresa. O seu obxectivo é analizar no análise da moderna organización e administración de empresas, cun enfoque completo e actualizado.

O coñecemento sobre a empresa é un paso esencial para alcanzar a entender o funcionamento do conxunto da economía, pois o que sucede no interior das empresas é tan substancial como o que ocorre nun entorno económico mais amplo. Nesta materia traballaranse cuestións coma a razón da existencia das empresas, as súas características, tipos de organización e funcionamento e factores que inflúen na toda de decisións.

A empresa ten coma función producir bens e servizos para o mercado en situacións de competencia e capacidade financeira, elixindo para elo unha das variadas formas xurídicas referidas polo dereito. Esta función da empresa posibilita que cada ser humano poida facer compatible a especialización do traballo ca satisfacción das súas numerosas e diversas necesidades. En entornos cambiantes e diferentes, a flexibilidade e a adaptación ás transformacións tecnolóxicas legais e de outro tipo vislúmbranse coma fundamentais para a toma das mellores solucións posibles en cada momento.

O desenvolvemento da actividade empresarial debe estar guiado pola ética e a responsabilidade social. A empresas deben ser responsables e asumir os seus custos sociais, contribuíndo á mellora e o benestar social.

A empresa é un catalizador clave para o crecemento económico, a innovación, o emprego e a integración social. É primordial cultivar e fomentar unha cultura e forma de pensar empresarial, onde se exercite e creza a creatividade e o espírito de innovación, incentívese a elaboración de reflexións persoais e a forma de decisións fundamentadas, así coma a visualización do erro coma fonte de progreso e aprendizaxe.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas

e funcións da empresa, estrutúrase nos sete bloques seguintes:

- "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos.
- "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento.
- "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa.
- "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles.
- "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos.
- "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais.
- "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisión de investimento e financiamento na empresa.

## 5.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTOS DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A organización de actividades propostas en unidades didácticas son contextualizadas e relacionadas na medida do posible coa vida cotiá, o que permite a aplicación e transferencia do aprendido na clase, e servirá como comprobación dos progresos realizados na adquisición das competencias básicas.

Un aspecto importante é o fomento do traballo colaborativo e discusións na clase; que deberá ter un carácter significativo, facilitando o adestramento de habilidades sociais, e unha maior motivación nos alumnos.

Segundo a lexislación as áreas curriculares ou disciplinas deben participar no desenvolvemento das distintas habilidades do alumnado. Estas, segundo as especificacións da lei son:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia Dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

No proxecto de Economía da empresa para 2º de Bacharelato, tal e como é suxerido pola lei, impulsarase o desenvolvemento da **competencia de comunicación lingüística**. Esta competencia afonda nas habilidades de escoita, comprensión e presentación de mensaxes orais e escritas, que na etapa de Bacharelato requiren un nivel máis elevado de desenvolvemento, uns recursos máis complexos para xestionar nun nivel máis diverso e de nivel cognitivo superior.

Importante dicir, que esta aportación non se limita a mellora das competencias lingüísticas, pois inclúe o desenvolvemento de todos os elementos expresivos, en especial os de carácter audiovisual.

A materia de Economía da empresa usa a súa propia terminoloxía para capacitar os alumnos a incorporar esa linguaxe e termos que debe empregar nos momentos axeitados con suficiente propiedade. Ademais, a comunicación dos resultados da investigación e outros traballos realizados favorece o desenvolvemento de competencia lingüística en comunicación. As lecturas e discusións que se levarán a cabo nas unidades didácticas da materia, tamén permitirán a familiarización e utilizar a linguaxe económica.

En canto á competencia matemática e **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, tamén se traballará neste campo. Para desenvolvelas, o alumnado implementará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións... Apreciarán con iso a importancia do método científico na área das ciencias sociais. A materia contribuirá a facilitar aos alumnos e as alumnas a utilización de ferramentas de cálculo (especialmente no relativo aos custos e aos beneficios). Tamén será frecuente o uso de información cuantitativa para poder valorar diferentes alternativas, xunto cos elementos e razoamentos matemáticos como ferramenta de axuda para resolver problemas relacionados coas situacións da vida cotiá e na toma de decisións.

En canto á **competencia dixital,** os/as alumnos/as terán que buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento. A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Así mesmo, contribuirase ao desenvolvemento da capacidade dos alumnos e as alumnas para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición en coñecemento útil, facilitando que os alumnos poidan resolver problemas tanto propios como alleos: detectar necesidades insatisfeitas, ofertar produtos novidosos ao mercado, utilizar as novas tecnoloxías para a promoción e as vendas dos produtos....

No que respecta á competencia de **aprender a aprender** , A materia fomenta a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axudas dos demais. Alumnos que en ocasións desconectan dos contidos

educativos máis académicos e tradicionais, conseguen contactar co sistema a través de materias como esta que teñen un forte carácter práctico e que lles permiten desenvolver a competencia persoal, que os estimula e os motiva, fomentando a confianza en si mesmo e o gusto por aprender.

Contribúe tamén a que tomen conciencia de que as capacidades das persoas son diferentes, de que cada un ten as súas pero todas son válidas e de que xuntas poden chegar a producir xuntas bos resultados. Pon de manifesto a posibilidade de emprender proxectos persoais, dividíndoos en metas alcanzables acurto, medio e longo prazo e ven do a necesidade de aplicar o esforzo á aprendizaxe de forma progresiva e realista.

Esta materia incentiva o traballo en equipo para resolver actividades que promovan o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto polas opinións dos demais, o que contribúen á adquisición de **competencias sociais e cívicas**. A presenza das empresas como elemento fundamental da actividade económica é incuestionable. A través das capacidades desenvolvidas na nosa materia, os alumnos adquirirán conciencia da importancia do papel coordinador das empresas, e do asociacionismo en xeral, axudándoos a comprender a realidade social e económica do mundo en que viven. Tamén aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social (e a empresa non deixa de selo). Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose ao contacto coa lexislación económica e laboral, ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patróns e traballadores

A materia da Economía da empresa constrúe as bases **dun sentido de iniciativa e espírito empresarial**, xa que educa en actitudes e capacidades emprendedoras e asegura a comprensión de conceptos económicos básicos , incluíndo o desenvolvemento de certas calidades persoais: a elección de recursos, planificación, resolución de problemas e avaliación de resultados. Todo isto anima a iniciativa persoal e a motivación para o traballo organizado e iniciativas propias.

O desenvolvemento de modelos sinxelos que representan a realidade económica na materia de Economía de empresa de 2º de Bacharelato, tamén contribúen ao desenvolvemento da **conciencia e expresión cultural.**

O desenvolvemento de modelos sinxelos que representan a realidade económica na materia de economía de 1º de Bacharelato, tamén contribúen ao desenvolvementos da conciencia e expresión cultural.

A continuación móstranse a relación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave:

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
| | Bloque 1. A empresa | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>▪ B1.3. Clases de empresas.<br>▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. | ▪ B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | ▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIE |
| | | | ▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B1.5. Contorno da empresa.<br>▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.<br>▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor. | ▪ B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. | ▪ EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Desenvolvemento da empresa | | | |
| ▪ d | ▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial. | ▪ B2.1. Identificar e analizar as estratexias de | ▪ EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que | ▪ CCL |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.<br>▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.<br>▪ B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía.<br>▪ B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.<br>▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. | crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. | determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.<br>▪ B3.2. Funcións básicas da dirección.<br>▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.<br>▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: | ▪ B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | ▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo | ▪ CCL |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | deseño e análise da súa estrutura.<br>▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.<br>▪ B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | | de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A función produtiva | | | |
| ▪ a<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.1. Produción e proceso produtivo.<br>▪ B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia<br>▪ B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | ▪ B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. | ▪ EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.<br>▪ B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. | ▪ B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. | ▪ EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | ▪ B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. | ▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. A función comercial da empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B5.1. Departamento comercial da empresa<br>▪ B5.2. Concepto e clases de mercado.<br>▪ B5.3. Técnicas de investigación de mercados.<br>▪ B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.<br>▪ B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.<br>▪ B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.<br>▪ B5.7. Tecnoloxías da información e das | ▪ B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. | ▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración | ▪ CD<br>▪ CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | comunicacións e márketing. | | consideracións de carácter ético, social e ambiental. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 6. A información na empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.1. Obrigas contables da empresa.<br>▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.<br>▪ B6.3. Resultados da empresa.<br>▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.<br>▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.<br>▪ B6.6. Análise e interpretación da información contable. | ▪ B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. | ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en | ▪ CAA |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | | | caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. | ▪ B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. | ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ CSC |
| | Bloque 7. A función financeira | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.<br>▪ B7.2. Concepto e clases de investimento.<br>▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de | ▪ B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de | ▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ m | investimento.<br>▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.<br>▪ B7.5. Ciclos da empresa.<br>▪ B7.6. Período medio de maduración. | financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada. | ▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |

**5.3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO**

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

116 [Escriba aquí]

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**5.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. A empresa | | | |
| EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | 2sesións | Relaciona con cada empresa as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas | 1sesión | Describe e interpreta as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB1.1.3.Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado | 3sesións | Analiza e interpreta as distintas clasificacións das empresas nun suposto práctico | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB1.1.4.Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | 2sesións | Describe e interpreta os elementos da empresa, e as súas funcións na economía. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | 2sesións | Identifica e relaciona os empresarios con cada tipo de empresa así coma a súa actuación no contorno. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | 2sesións | Identifica e analiza os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |

| Bloque 1. A empresa | | | |
|---|---|---|---|
| EEB1.2.3.Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | 2sesións | .Valora a importancia que para as empresas e a sociedade ten a investigación, innovación, as tecnoloxías da información comunicación e as redes sociais, así como a globalización económica en relación ca competitividade, o crecemento e a localización. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | | |
| Bloque2. Desenvolvemento da empresa | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB2.1.1.Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | 1sesións | Identifica e analiza as estratexias de crecemento no que respecta a localización e dimensión da empresa | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB2.1.2.Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciónaas economías de escala coa dimensión óptima da empresa | 1sesións | Identifica e analiza as estratexias de crecemento no que respecta a localización e dimensión da empresa | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB2.1.3.Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | 1sesión | Identifica e explica as diferentes estratexias competitivas. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos | 1/2sesión | Identifica e analiza as estratexias internas e externas con empresas do seu contorno. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | 1/2sesión | Describe as vantaxes e inconvenientes das PYMES | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|

| Bloque2. Desenvolvemento da empresa | | | |
|---|---|---|---|
| EEB2.1.6.Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | 3sesión | Identifica e valora a importancia social e ambiental na estratexia da empresa. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB2.1.7.Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | 2sesións | Identifica e valora a importancia da incorporación das TIC na estratexia empresarial. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque3. Organización e dirección da empresa | | | |
| EEB3.1.1.Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica | 2sesión | Analiza e describe a división do traballo e as súas consecuencias sociais. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| para valorar as súas consecuencias sociais.<br><br>EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | 1sesión | Describe e interpreta os distintos estilos de dirección, estruturas organizativas na empresa. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB3.1.3.Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa),así como as súas interrelacións. | 1sesión | Analiza as diferentes funcións nas áreas da actividade da empresa | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos ei i instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | Bloque3. Organización e dirección da empresa | |
| EEB3.1.4.Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | 3sesións | Investiga a organización de empresas coñecidas, valorando as posibles modificacións a realizar. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB3.1.5.Aplica os seus coñecemento na unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | 1sesión | Analiza a organización dunha empresa determinada | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | 4sesións | Valora a importancia do capital humano. Analiza as formas de abordar a súa motivación e produtividade. | |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | Bloque4. A función produtiva | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB4.1.1.Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | 4 sesións | Calcula a productividade da empresa a partir de datos de produción e utilización de diferentes factores de produción. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | 1 sesión | Analiza procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñece ra importancia do coste dos traballadores. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | 2 sesións | Analiza procesos produtivos e recoñece a importancia da I+D+i. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| Bloque4. A función produtiva | | | |
| EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos | 3sesións | Determina a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| matemáticos, e interpreta os resultados. | | | |
| EEB4.2.2.Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | 3sesións | Calcula o beneficio dunha empresa, a partir dun suposto formulado. E, realiza a representación gráfica dos datos obtidos. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | 2sesións | Calcula e o limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións | 1sesión | Interpreta os resultados do suposto formulado | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB4.3.1.Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | 4 sesións | Describe os conceptos fundamentais do ciclo de inventario | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB4.3.2.Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | 4 sesións | Manexa os modelos de xestión. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| . EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | 2 sesións | Relaciona a produtividade, eficiencia e control de inventarios a partir de supostos prácticos. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | Bloque 5. A función comercial da empresa | |
| EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | 1sesión | Analiza as características dos mercados no contorno habitual. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB5.1.2.Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing | 2sesións | Analiza as diferentes estratexias de márketing. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB5.1.3.Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental | 1sesión | Analiza e valora as estratexias de márketing no con torno. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB5.1.4.Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | 0,5sesións | Describe e analiza a investigación de mercados feita por unha empresa. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB5.1.5.Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | 0,5 sesións | Resolve nun suposto práctico as estratexias de segmentación de mercados. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB5.1.6.Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación | 1 sesión | Analiza a incorporación das TIC nas oportunidades de innovación do márketing. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB5.1.7.Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. | 1 sesión | Comprende o funcionamento do departamento comercial. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB5.1.8.Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | 1 sesión | Entende a importancia de satisfacer as necesidades dos clientes en función dos produtos da empresa | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|
| | | Bloque6. A información na empresa | |
| EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada | 1 sesión | Distingue os diferentes elementos patrimoniais dunha empresa. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | 1 sesión | Clasifica os elementos en masas patrimoniais | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB6.1.3.Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | 3 sesións | Entende a relación existente entre financiación e investimento. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB6.1.4.Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utilización de ratios. | 2 sesións | Identifica os datos máis salientables do balance explicando o seu significado, e diagnostica a situación a partir da información obtida | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | 2 sesións | Analiza o balance, propondo medidas para a súa mellora. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | 0,5 sesións | Entende a importancia das ferramentas utilizadas na interpretación das contas anuais da empresa. | Observación directa e traballos |
| EEB6.1.7.Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa | 0,5 sesións | Analiza a ecuación do patrimonio. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | 0,5 sesións | Estuda a información facilitada nun suposto práctico para a tomade decisións na empresa. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB6.1.9.Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | 2 sesións | Calcula os datos máis salientables da conta de perdas e ganancias. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB61.10.Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | 0,5sesións | Clasifica os elementos do resultado obtido nun suposto práctico | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| Bloque6. A información na empresa | | | |
| EEB6.2.1.Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | 3 sesións | Recoñece a importancia do cumprimento das obrigas fiscais | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB6.2.2.Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | 2 sesións | Explica os impostos que afectan as empresas, entendendo as principais diferenzas. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB6.2.3.Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | 2 sesións | Recoñece a importancia do cumprimento das obrigas fiscais | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|

| Bloque7. A función financeira | | | |
|---|---|---|---|
| EEB7.1.1.Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos | 2 sesións | Valora proxectos de investimento coñecendo os diferentes métodos utilizados para a selección da alternativa máis vantaxosa. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB7.1.2.Aplica métodos estáticos(prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto),nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | 3 sesións | Xustifica razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa dos diferentes proxectos de investimento. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e a simplicacións na marcha da empresa. | 2 sesión | Diferencia as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoa a elección máis axeitada. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| Bloque7. A función financeira | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB7.1.4.Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | 2 sesións | Analiza mediante supostos prácticos as opcións de financiamento. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB7.1.5.Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro | 1 sesión | Avalía a partir de supostos prácticos as posibilidades existentes no mercado financeiro. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa | 2 sesións | Analiza as fontes de financiamento da empresa | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB7.1.7.Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira | 1 sesión | Analiza as opcións financeiras mais acorde cá empresa que está estudando. | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | 1 sesión | Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a resolución de supostos | Proba escrita, observación directa e traballos. |
| EEB7.1.9.Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | 1 sesión | Coñece os distintos ciclos da actividade da empresa | Proba escrita, observación directa e traballos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases | 2 sesións | Analiza cun suposto práctico o período medido de maduración da empresa estudiada. | Proba escrita, observación directa e traballos. |

Sinalar, no que respecta ó grao mínimo de consecución, que non se considera ningún estándar de aprendizaxe imprescindible para a superación da materia, pero si un conxunto deles que amosen un dominio adecuado do alumno da materia e dos termos económicos. As avaliacións están organizadas por bloques de estándares e contidos relativamente independentes, no cal o alumno debe demostrar capacidade e suficiencia en cada bloque. Co cal, independentemente dos estándares de maneira individual que poida superar satisfactoriamente, enténdese que terá un dominio suficiente cando teña asimilados e certificados un conxunto deles de cada bloque/avaliación que lle permitan ter independencia e poida demostrar capacidades e competencias a nivel económico. Así o mínimo de consecución considerarase como o dominio suficiente e adecuado da metade, polo menos, dos estándares de aprendizaxe valorados en probas escritas, traballos e produción na aula. Se levamos isto a unha cualificación numérica enténdese que o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 sobre 10 en cada avaliación

Amosamos a continuación a temporalización dos bloques por avaliación:

| | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|
| 1º BLOQUE 1: A empresa | 1ª Avaliación |
| 2º BLOQUE 2: Desenvolvemento da empresa | 1ª Avaliación |
| 3º BLOQUE 3: Organización e dirección de empresa | 1ª Avaliación |
| 4º BLOQUE: A función produtiva | 2ª Avaliación |
| 5º BLOQUE: A función comercial da empresa | 2ª Avaliación |
| 6º BLOQUE: A información na empresa | 3ª Avaliación |
| 7º BLOQUE: A función financeira | 3ª Avaliación |

Na seguinte táboa detállanse as unidades didácticas nas que se dividen os setes bloques,

| UNIDADE DIDÁCTICA | TÍTULO |
|---|---|
| **Bloque 1: A empresa** | |
| 1 | Empresa e empresario |
| 2 | Clases de empresas e formas xurídicas |
| 3 | A empresa e o seu entorno |
| **Bloque 2: Desenvolvemento da empresa** | |
| 4 | Desenvolvemento da empresa |
| **Bloque 3: Organización e dirección de empresa** | |
| 5 | Dirección e organización |
| 6 | A xestión dos Recursos Humanos |
| **Bloque 4: A función produtiva** | |
| 7 | Produción, produtividade e costes |
| 8 | A función de aprovisionamento |
| **Bloque 5: A función comercial da empresa** | |
| 9 | A función comercial |
| 10 | Márketing-mix |
| **Bloque 6: A información na empresa** | |
| 11 | O patrimonio e as contas |
| 12 | Análises económico-financeiro |
| **Bloque 7: A función financeira** | |
| 13 | A inversión na empresa |
| 14 | Financiación empresarial |

## 5.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

O RD 86/2015 establece os principios metodolóxicos para o Bacharelato. Entre eles destacamos:

*2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.*

*3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria*

*para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.*

O punto de partida será unha avaliación de diagnóstico dos coñecementos previos que desta materia teñan os alumnos; a partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo: é dicir, incorporando novos conceptos de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade económica. Con esta avaliación inicial tamén se detectarán posibles diferenzas individuais para deseñar a metodoloxía máis adecuada que contemple a atención persoal ao alumno e ao grupo.

Aplicarase o método simbólico e verbalístico que se fundamenta na transmisión do saber, no que o profesor é un axente determinante na aprendizaxe, xunto co método intuitivo que tenta achegarse o máis posible á realidade inmediata do alumno, partindo da realización dunhas actividades experimentais que lle implique dunha forma activa, e mediante o deseño doutras que requiran unha colaboración cos seus compañeiros. Estas técnicas de ensino poden converterse en activas mentres o profesor convértese no orientador da aprendizaxe. Todo iso, contribuirá a lograr unha verdadeira motivación do alumno.

En referencia á forma de razoamento utilizaranse métodos dedutivos nos que o profesor presentará os conceptos, principios ou afirmacións de cada bloque dos que se extraerán unhas conclusións e consecuencias, para posteriormente aplicalas a casos particulares da actualidade económica extraídas da consulta de noticias en medios audiovisuais e escritos. Desta forma o alumnado verá a Economía como algo próximo e en continua evolución.

O método indutivo, como método activo por excelencia aplicarase á análise de feitos e datos económicos concretos, pasados ou presentes, ademais de análise de experiencias e observacións da contorna do propio alumno, para que así lle axude a alcanzar un razoamento globalizado.

Os recursos metodolóxicos a empregar organizaranse nunha serie de estratexias de ensino-aprendizaxe principalmente heurísticas, e de aproximación razoada, que o profesor deseñará para que conduzan ao alumno para descubrir e a resolver en por si, os problemas que se lle expoñan, e a xerar posibles

solucións. A análise e comentario de textos, de noticias económicas, a procura e consulta de diversas fontes de información que ofrecen datos e tendencias sobre as principais magnitudes económicas serán ferramentas útiles para conseguir esta formación na que para iso faise necesario e aconsellable o uso das tecnoloxías da comunicación e información.

A participación do alumnado é a base fundamental da motivación polo que se realizarán por unha banda actividades individuais, e por outro, traballos en grupo heteroxéneos que se expoñerán publicamente ante o resto do alumnado. En todos os bloques temáticos podemos diferenciar contidos nos que se poden utilizar ambas as formas de participación. Na exposición destas actividades fomentarase o uso de ferramentas ofimáticas básicas e valorarase a correcta expresión oral e escrita. Fomentarase tamén os debates na clase procurando a interacción educativa, así conseguiremos fomentar no alumnado o desenvolvemento e sentimento de respecto por opinións distintas, de tal maneira, que posibilite o exercicio da socialización e convivencia.

En xeral, en cada unidade desenvolveranse os seguintes tipos de actividades:

-Actividades de introdución para iniciar o tema. Terán por obxectivo explorar os coñecementos previos do alumno e conseguir a súa motivación. Para levalas a cabo empregaremos técnicas como a choiva de ideas ou os debates sobre cuestións que trataremos sempre que conecten coa súa realidade máis próxima.

-Actividades de desenvolvemento para desenvolver e profundar nos contidos e na adquisición de competencias, á vez que se consolidan os conceptos máis importantes Trataremos sempre que os contidos reflictan a súa aplicación práctica real e usar estratexias que fomenten a motivación e a interacción dos alumnos no proceso de aprendizaxe

-Actividades de sínteses e comprobación. As actividades de sínteses permitirán integrar os contidos vistos na unidade, tratando de relacionalos cos adquiridos nas unidades anteriores. Os mapas conceptuais, os glosarios de termos, os cadros de sínteses e a actividade talleres de prensa serán poderosas ferramentas para conseguilo.

En ocasións recorreremos tamén ao uso de xogos e a actividades de repaso e autoavaliación

-Tendo sempre presente a atención á diversidade, levarán a cabo actividades de reforzo, que permitan superar aos alumnos que o necesiten dificultades na asimilación de e actividades de ampliación ou enriquecemento, respondendo o ritmo de aprendizaxe daqueles alumnos que alcancen os obxectivos de forma máis rápida.

## 5.6. MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN A UTILIZAR

Con carácter xeral empregaranse os seguintes recurso didácticos:

- Libro de texto: Economía da empresa. Alberto Pérez César. Ed. Galinova
- Boletín de exercicios tipo EBAU elaborados polos profesores
- Materiais de traballo elaborados pola profesores a partir da bibliografía e webgrafía
- Medios materiais presentes na aula: encerado, ordenador, canón, pizarra dixital, acceso a internet
- Software (Excel, Power Point)
- Aula virtual
- Prensa diaria, publicacións especializadas e lecturas de contido económico
- Medios e recursos audiovisuais (cancións, películas)
- Recursos didácticos online (KAHOOT)
- Blogs e webs de contido económico

## 5.7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación entendese como un elemento máis do proceso educativo xa que permite orientar e dirixir de forma permanente a aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación contribúe en si mesma a mellorar o rendemento dos alumnos.

Partiremos dunha avaliación inicial ou diagnóstica. Esta proporciónanos información tanto dos coñecementos de partida dos alumnos, como da diversidade existente entre eles, a fin de orientar a intervención educativa do modo máis apropiado. Realizarase nas primeiras semanas de curso.

Realizaranse 3 avaliacións, unha por trimestre. A cualificación do alumno calcularase como a suma ponderada dos seguintes instrumentos, cada un deles puntuado do 0 ao 10:

- **Probas escritas de contido teórico-práctico**, nas cales se valorará o dominio de contidos e a exposición dos mesmos. **A súa media suporá un 90% da nota**, coa esixencia de que o alumno/a teña como mínimo un 3 para poder facer media. De forma xeral, establécese que se farán 1- ou 2 probas escritas por avaliación.
- **Observación directa do proceso de aprendizaxe** que se plasmará no caderno do profesor/ficha do alumno e **suporá un 5%.** En dita observación do alumno valorarase:
- O traballo diario nas actividades realizadas na aula e fora dela (resolución de exercicios, preguntas orais, debates, etc.) Valorarase entre outros o dominio de procedementos, a expresión dos mesmos, a autonomía e a capacidade investigadora, así como a limpeza e claridade na exposición.
- A actitude e a participación na clase.
- **Traballos recollidos, tanto individuais como en grupo, que suporán un 5% da cualificación (por ex: boletíns de cuestións/exercicios tipo EBAU)**. Valorarase, segundo proceda, a capacidade de buscar e seleccionar información, o formato, a expresión escrita, a capacidade de expoñelos publicamente , o dominio dos procedementos, a capacidade emitir xuízos de valor e defender argumentacións cando corresponda. Cando se leven a cabo actividades e traballos en grupo terase en conta tamén a coordinación do alumnado co grupo e o diálogo cos outros grupos

Para acadar a cualificación positiva na avaliación a suma ponderada estes tres instrumentos debe ser como mínimo dun 5.

De non acadar o aprobado, o alumno poderá realizar un exame de recuperación da avaliación que suporá o 100% da nota. A profesora poderá decidir realizar esta proba antes da sesión de avaliación ou despois, en función do tempo e das circunstancias do curso. Dito exame poderá usarse para subir nota por aqueles alumnos que o desexen.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos cualificación será cero, incluso cando isto se demostre unha vez rematada a proba.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación. Para superar a materia na avaliación final ordinaria deberá alcanzar un mínimo de 5 puntos na media das tres avaliacións. Sempre e cando teña todas as avaliacións aprobadas. No caso de ter unha ou máis avaliacións suspensas, poderá recuperalas nunha proba final de xuño.

No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado terá dereito a unha avaliación extraordinaria. Está consistirá nunha proba escrita de contados teórico-prácticos que representará o 100% da nota. Para superar a materia deberá obter unha nota igual ou superior ao 5.

Os criterios para cualificar numericamente as avaliacións, así como a nota final e a proba extraordinaria, será a seguinte:

| | nota final | cualificación. |
|---|---|---|
| < | 1 | 0 |
| < | 2 | 1 |
| < | 3 | 2 |
| < | 4 | 3 |
| < | 5 | 4 |
| < | 5,9 | 5 |
| < | 6,8 | 6 |
| < | 7,7 | 7 |
| < | 8,6 | 8 |
| < | 9,5 | 9 |
| ≥ | 9,5 | 10 |

## 5.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Un dos aspectos máis importantes no proceso de avaliación é o seu carácter corrector das variacións que se poden producir ao longo do proceso de ensino. Así pois, é necesario que un dos obxectos de avaliación sexa a propia actividade, a súa planificación, o seu desenvolvemento e os resultados obtidos.

Así pois tras cada avaliación, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación das actividades escollidas ós obxectivos marcados ao principio na programación.

- O propio desenvolvemento do proceso.

- A actuación do profesor/a nas distintas fases do proceso.

- A selección dos materiais e o seu tratamento para obter os resultados esperados.

- A organización e temporalización do traballo na clase.

- As relacións de convivencia e o traballo en equipo.

- O ambiente de traballo

- O grao de motivación e participación do alumnado no día a día

- Modificacións e melloras das actividades.
No departamento e trataranse todos os aspectos anteriores de forma periódica e reflectiranse as conclusións na correspondente acta . Ademais, ó comezar cada avaliación levarase a cabo, unha análise exhaustivo dos resultados da avaliación anterior, desglosado por cursos e materias.

Teranse en conta todos aqueles instrumentos de avaliación externa. A súa análise e a valoración dos resultados servirá ao Departamento para comprobar que contidos deben ser reforzados e comprobar a efectividade do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Ao longo do curso tamén se procederá a un seguimento da temporalización na distribución dos contidos para efectuar os reaxustes necesarios ou favorecer a coordinación entre os profesores que impartan clase nun mesmo grupo

O obxectivo final é que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotiá da aula como mecanismo de reaxuste tanto do aprendizaxe do alumno/a como do propio proceso de ensino.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

INDICADORES DE LOGRO DA PRACTICA DOCENTE

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación. | - | - | - | - |

## 5.9.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE SER O CASO.

O Departamento de Economía proporcionaralles ós alumnos coa materia pendente unha serie de actividades que reflexarán os contidos mínimos esixibles, as cales deberán ser entregadas en data. Así mesmo programaranse 2 probas parciais de contido teórico-práctico para verificar a superación da materia. Estas publicaranse en tempo e forma adecuada.

Se se superan estes parciais (nota superior a 5 en todos e cada un deles) terase a materia superada. No caso de non superar un só parcial, poderá recuperar esa parte na data do exame final de avaliación.

Para aqueles alumnos e alumnas que non superen a materia por parciais, teñen o dereito a presentarse a unha proba final. A data  publicarase en tempo e forma adecuada. Neste caso para superar a materia é necesario igualar ou superar o 5. Se ben aqueles alumnos que superen algunha das dúas probas citas no punto anterior liberaráselles da materia da parte aprobada.

## 5.10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS cOÑECMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS

Para acreditas os coñecementos previos, realizase nas primeiras semanas de curso unha pequena proba escrita con preguntas xerais sobre a materia. Esta completarse con preguntas orais e a observación na aula

## 5.11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A sesión de avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas de curso a fin de poder orientar a intervención educativa do modo máis axeitado. Servirá para constatar a situación de partida dos alumnos e da diversidade existente entre eles. Realizarase a través dunha pequena proba escrita así como a través de preguntas realizadas de forma oral e da observación na clase.. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica as estratexias metodolóxicas que poden ser mais eficaces no ensino-aprendizaxe da nosa disciplina, así como a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade na materia, que se materializa por exemplo en actividades de reforzo e/ou ampliación para o alumnado. De igual forma oriéntanos nas estratexias metodolóxicas

## 5.12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade ten por finalidade a mellor resposta educativa ás necesidades e diferenzas, ofrecendo oportunidades reais de aprendizaxe a todo o alumnado en contextos educativos ordinarios dentro dun entorno inclusivo, a través de actuacións e medidas educativas.

A avaliación inicial e a colaboración co Departamento de Orientación facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc. Tamén dificultades que se poidan derivar da fenda dixital).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, agrupamentos flexibles, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar .

De forma xeral dende a nosa materia e a nivel de aula traballaremos con:

-Procedementos e recursos metodolóxicos flexibles que permitan adaptarse aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos.

-Flexibilidade nos tempos de desenvolvemento das actividades en función das necesidades do alumnado.

-Combinación de diferentes agrupamentos en función da actividade para realizar, desde o traballado individual ao traballo por parellas ou en grupo, priorizando os grupos heteroxéneos e favorecendo a cooperación e a titoría entre iguais.

-Instrumentos de avaliación que permitan adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

-Introdución de actividades en cada unidade didáctica en orde ascendente de dificultade.

-Deseño de actividades de reforzo para os alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe nalgunha ou algunhas unidades didácticas. Á vez, elaboraranse actividades de ampliación, que permitan una a profundización en contidos para alumnado cun ritmo de asimilación máis rápido.

## 5.13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

No proceso de ensino-aprendizaxe fomentarase:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igual-dade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos home e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

- A análise crítica de comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

- O estudo do desenvolvemento sostible e o medio ambiente, dos riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada

utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igual-dade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial
- Cada certo tempo o alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que traballarán a través de Internet, para coñecer a actualidade económica.

### 5.14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares apoian e enriquecen a actividade docente, contribuindo a lograr unha formación plena dos alumnos. Propóñense as seguintes para este curso

- Visita a unha empresa cercana.
- Charla-coloquio con emprendedores locais, persoal da Administración local, persoal de banca, sindicatos.
- Talleres/programas presenciais e online relativos á materia.
- Conferencias de interese relacionadas coa materia
- Celebración de efemérides tales como o Día da Paz, Día da muller traballadora, etc.

### 5.15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Nas reunións que se celebren no departamento didáctico e, especialmente, ao final de cada avaliación, deberá facerse un seguimento da Programación Didáctica. A información resultante desta análise permitirá modificar a temporalización e os contidos que se traballen na aula para adaptalos aos diferentes grupos de alumnos, así como das estratexias metodolóxicas. A estes efectos terase en conta principalmente:

- Resultados da avaliación en cada unha das materias

- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribucións de espazos e tempos aos métodos pedagóxicos utilizados
- Contribución dos métodos pedagóxicos e didácticos á mellora do clima da aula e do centro

As medida adoptadas reflexaranse no libro de actas do departamento e constarán na memoria final de curso.

**ANEXO: ENSINO NON PRESENCIAL**

Durante o período de suspensión da actividade presencial seguiranse as canles de comunicación establecidas no plan de continxencia do centro: “os correos electrónicos creados para tal fin ao inicio de curso, a aula virtual ou plataforma similar que xa veña sendo empregada nas actividades lectivas, e sendo opcional e a decisión dos/das docentes, o uso de webex ou plataformas similares de teledocencia”.

Para o desenvolvemento do aprendizaxe, o profesorado, atraveso das canles de comunicación citadas anteriormente fará chegar ao alumnado boletíns de traballo que incluirán tarefas a entregar, cos requisitos formais e prazos de entrega

Os instrumentos de avaliacións os criterios de cualificación serán os expostos en cada materia e non se verán modificados, coas seguintes salvedades:

-No caso da observación directa, valorarase fundamentalmente a entrega das actividades sinaladas nos boletíns de traballo.

-No caso dos traballos recollidos (comentarios de noticias de actualidade, preguntas sobre contidos audiovisuais, exercicios varios) non se producirán modificación.

No caso de probas escritas de contidos teórico-prácticas, estas poderán realizarse de forma telemática, gardándose o profesor o dereito de substituílas por probas orais. Así mesmo, a criterio do profesorado estas probas escritas poderán ser substituídas por propostas de traballo de contido teórico práctico que incidan nos contidos imprescindibles da materia. Estas propostas incluirán requisitos formais de entrega e prazo.